

# infxove

Nº 41

Decembro 2009



## REPORTAXE

### O Movemento Scout, hoxe en Galicia

O escultismo mantén moi viva a forza do asociacionismo educativo que ten como obxectivo formar os mozos e mozas en valores de convivencia, igualdade e respecto. No Infxove achegámonos un pouco máis ás súas ideas e categorías.

Páxs. 10 e 11

## CONCERTOS

### Moito máis ca panxoliñas

A axenda de concertos e actividades para este mes de decembro é variada. *Weird Folk* con The Dodos, *heavy metal* cos W.A.S.P. e, falando de xente de aquí, reúnen Toni Lomba & Elio dos Santos, Carlos Núñez toca en Vigo e continúa a xira de aniversario de Milladoiro e amigos, uns auténticos clásicos. Tamén son salientables as visitas de We are Standard ou de Russian Red. E non temos nada contra as panxoliñas!

Páx. 22 e 23



## O talento novo desborda o lenzo

O enorme talento e creatividade da mocidade galega segue a pórse de manifesto nesta edición do Certame Galego de Creadores Novos 2009. Pouco a pouco imos cofecendo os autores que se alzan cos galardóns nunha edición no que o nivel acadado foi moi alto. A conta atrás

remata este 15 de decembro coa celebración da gran gala final na que se fará entrega dos premios nas disciplinas de artes plásticas, deseño de xoias, carteis, relato breve, poesía, música, graffiti e teatro.

Páxs. 4 e 5

## Galiciencia, canteira de xenios

Medio cento de equipos de estudantes chegados das catro provincias galegas, de Barcelona e de Euskadi montaron e presentaron os seus proxectos nunha gran feira científica. Coñecemos as propostas máis sorprendentes e os galardoados cos premios.

Páx. 9



## Novos pasos a prol da emancipación

Na campaña 'Encaixa os teus soños' abórdanse as axudas públicas da Xunta en materia de vivenda para a mocidade no ámbito do Plan 2009-2012; as novas tendencias de urbanismo e posibilidades dun espazo físico; os servizos e apoios cos que conta o Igape para os proxectos de novos e novas emprendedoras, así como as políticas públicas de inserción laboral para a mocidade.

Páx. 3



XUNTA DE GALICIA

## Sumario

- 03** 'Encaixa os teus soños', unha xornada con *gurú* e ideas para a emancipación.
- 04** O Certame galego de creadores novos amosa as ideas e tendencias da xuventude
- 07** Coñecemos algo máis da Pinquela, o club monfortino de voleibol feminino
- 09** Galiciencia xuntou as propostas máis sorprendentes de medio cento de equipos de estudantes
- 10** O Movemento Scout en Galicia segue a apostar por formar os mozos en valores.
- 12** Viaxe a Malta: unha encrucillada no Mediterráneo
- 14** I Encontro de voluntariado xuvenil, arranque do Servizo Galego de Voluntariado
- 15** Achegámonos á movida nocturna en Santa Comba, na comarca do Xallas
- 18** Ás portas do Nadal, reflexionamos sobre o comercio xusto
- 19** 'Un espazo novo na axenda de Lisboa (Espazo xuvenil)' quere que máis mozas e mozos queden a traballar na euronrexión en Galicia e Portugal
- 21** Noitebús e cursos de formación, máis receitas para prever os accidentes de tráfico
- 22** A axenda de concertos trae unha gran variedade de propostas



## Editorial

# Sen océanos que nos separen

Case todos temos algún parente ao outro lado do Atlántico ou tivemos relación cun fillo da emigración a Europa. Hoxe, grazas ao desenvolvemento das novas tecnoloxías, poden estar máis preto que nunca. E precisamente os días 5 e 6 deste mes de decembro ten lugar un acontecemento moi especial en Buenos Aires, o I Congreso da xuventude galega no exterior, organizado pola Secretaría Xeral de Emigración e na que tamén estará presente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Entre os seus obxectivos sobresaen un: pór en valor o papel da mocidade e fortalecer as ligazóns entre Galicia, Arxentina e Uruguai. Ou, o que é o mesmo, facer que a aposta polas potencialidades dos novos non fiquen acoutada ao noroeste da Península Ibérica, senón que conte con esa gran comunidade que forman os galegos, e os descendentes de galegos, no resto do mundo.

Para os que estamos aquí, a colectividade galega no exterior supón unha oportunidade de gran valor á hora de buscar mercados para as nosas empresas, procurar información especializada, desprazarnos a outros países nos que residen por múltiples motivos (culturais, laborais, educativos...) ou, simplemente, coñecer xente. Pero a nosa relación con eles non debe proceder tan só de léximos intereses persoais, senón que tamén supón un acto de xustiza con algúns galegos coma nós que tiveron que marchar na procura de oportunidades.

Como ben indica a organización deste I Congreso da xuventude galega no exterior, a historia de Galicia é inseparable da nosa presenza en América. A nosa diáspora apostou con esforzo e vitalidade durante xeracións por manter un sentimento de galegidade, mesmo nos momentos máis duros, e encheu a nosa terra de equipamentos sociais e culturais, ademais de sacar adiante múltiples proxectos de axuda mutua e vida comunitaria.

Estamos seguros de que coñecendo as inquietudes, ideas e proxectos das mozas e mozos descendentes de galegos todos sairemos gañando. Eles contan connosco. Nós contamos con eles.

**EDITA:**  
Xunta de Galicia  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
Consellería de Traballo e Benestar  
San Caetano, s/n - 15781  
Santiago de Compostela

**DIRECTOR:**  
Ovidio Rodeiro Tato  
Director xeral de

Xuventude e Voluntariado

**COORDINACIÓN:**  
José Manuel Abelleira

**PRODUCCIÓN E DESEÑO:**  
Nós Comunicación  
nos@noscomunicacion.com

**MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:**  
El Progreso, S.L.

ISSN: 1886-3035  
Depósito legal: C-882-06

**CONTACTA CON INFOXOVE:**  
infoxove@xunta.es  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
San Caetano, s/n - 15781  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 544 660  
Fax: 981 545 626

# Encaixa os teus soños

Santiago acolleu a primeira sesión desta campaña dirixida a dar a coñecer as axudas e liñas de apoio habilitadas para facilitar o acceso á vivenda e ao emprego da mocidade galega

Animar os indecisos a "voar do niño" pero sabendo que non están sós á hora de afrontar este cambio na súa vida. Este foi o espírito co que se abordou a primeira xornada da campaña 'Encaixa os teus soños', promovida pola Consellería de Traballo e Benestar en colaboración co INJUVE. Cun carácter eminentemente informativo e práctico, máis de 200 persoas participaron nesta primeira sesión para coñecer a receita do éxito na emancipación. Un amplo abano de axudas e liñas de apoio das distintas administracións, casos de éxito empresarial e os consellos dun gurú foron os ingredientes da xornada. Pero a campaña vai máis aló xa que a iniciativa viaxará por toda Galicia para levar estes recursos e información a todos os mozos e mozas galegos. Trátase, en definitiva, de contribuír á súa autonomía desde os dous piares fundamentais para construír un proxecto vital, a vivenda e o emprego.

Un 48,40%, é dicir, case a metade dos mozos e mozas de 29 anos aínda residen no núcleo familiar (datos do Informe da Xuventude Galega 2007) mentres que 49.914 menores de 30 anos, un



## Máis de douscentos participantes estiveron na primeira das xornadas 'Encaixa os teus soños'

23,89%, están en situación de desemprego. Son cifras fronte ás que a Consellería de Traballo e Benestar decidiu dar unha resposta mediante a posta en marcha de distintas accións e plans. Pero tan importante é facelo como informar delas. Para isoponse en marcha a campaña 'Encaixa os teus soños', que permitirá organizar diferentes xornadas formativas nas casas da xuventude galegas para dar a coñecer estas iniciativas, ademais de completar a información na rede.

Dirixidas a todos aqueles mozos e mozas que queiran mellorar a súa empregabilidade, desexen emprender un proxecto empresarial ou busquen unha vivenda, estas sesións permitirán obter toda a información necesaria para dar este paso decisivo. A primeira delas tivo lugar en Santiago de Compostela, nunha posta en marcha que tivo

ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, como mestre de cerimonias e que contou coa participación de coñecidos persoeiros como o autor do libro *A crise Ninja*, Leopoldo Abadía, ou o actor e monologuista Miguel Lago. As súas intervencións completáronse con outras de carácter máis técnico. Así, responsables do Instituto Galego da Vivenda e Solo, do Instituto Galego de Promoción Económica ou da Consellería de Traballo e Benestar, debullaron os plans que os diferentes departamentos da Xunta teñen en marcha para favorecer o acceso á vivenda e a un posto de traballo digno para os mozos e mozas galegos. O Plan de Vivenda Xove 2009/2013, xa en marcha, tamén foi un dos puntos fortes abordados, xa que abre a posibilidade de subvencionar cun máximo de 9.000 euros a compra dunha vivenda,

unha axuda á que se une a rebaixa fiscal para transmisións patrimoniais e documentos xurídicos documentados e que permitirá que unha parella nova que queira mercar unha vivenda de 180.000 euros poida aforrar ata 6.600 euros en impostos.

Outros dos piares ao redor dos que pivotaron as intervencións foi o emprego. O Plan de Emprego Xuvenil no que está a traballar a Consellería de Traballo e Benestar establecerá medidas eficaces contra o desemprego xuvenil, sen esquecer que xa existen múltiples liñas de apoio para aqueles que decidan comezar un proxecto empresarial. Neste sentido, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, incidíu durante a súa intervención, na clausura da xornada, "na necesidade de incluír medidas de conciliación que permitan compatibilizar emprego e formación", avogando por establecer mecanismos que permitan aproveitar as ideas creativas e innovadoras da mocidade galega para impulsar a competitividade.

"Non podemos desperdiciar o capital humano", explicou a conselleira, quen destacou o alto nivel de formación acadado polos mozos e mozas galegos e a súa gran potencialidade, que non se corresponde co mercado laboral que atopan polo que, "temos que traballar na modernización do tecido empresarial de Galicia", concluíu.

## Máis información

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)  
[www.emancipacionxove.org](http://www.emancipacionxove.org)

## Casos de éxito empresarial: Blu:Sens e A-CERO

Mais estas xornadas non quedaron só no teórico. Os asistentes tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man dous exemplos de éxito empresarial, un en vivenda e outro en emprego, que explicaron as súas motivacións e o porqué das súas iniciativas. Un foi o responsable do estudio A-CERO, Antonio Pérez, quen abordou o modelo de cidade para o século XXI,

apostando por superar o modelo de construción vertical e substituíndoo por outro de maior calidade, un lugar para vivir. O outro foi un dos responsables do éxito de Blu:sens, a vangarda na tecnoloxía de consumo. José Ramón García supuxo unha mensaxe de seu, como responsable dunha empresa cun capital de 7.000 millóns de euros de menos de 30 anos.

## O ingrediente infalible, o traballo

Optimismo, moito traballo, prudencia e evitar as distraccións foron os consellos que o gurú autor de *La crisis ninja*, Leopoldo Abadía, puxo sobre a mesa. "Non podo dar respostas á pregunta de cando sairemos da crise, nin eu nin ninguén, e o que diga o contrario, mente", explicou Abadía, quen se amosou convencido de que a crise económica actual pode ser unha excelente

oportunidade para reestruturar sectores e atopar oportunidades de negocio. "Teño a firme convicción de que en España se tiran centos e miles de cartos en parvadas", afirmou, quen destacou que a situación actual se debe a unha crise de decencia polo que chego o momento de actuar de xeito honesto e sensato e abandonar definitivamente o "todo vale".

## BOLSAS E AXUDAS

### Bolsas de comedor para a USC

Convoca: Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Contido: bolsas de comedor para os alumnos desta universidade.

Requisitos: poderán acceder a estas bolsas os estudantes matriculados na USC no curso académico 2009/10 que cumpran os seguintes requisitos: estar aloxado no Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC durante todo o curso 2009/2010, ser bolseiro no curso 2009/2010 das convocatorias de bolsas anticipada, xeral ou mobilidade do Ministerio que ten a competencia nesa materia, co compoñente de residencia.

Prazo: dende o 2 de novembro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010.

Informa: [www.usc.es](http://www.usc.es)

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### Doutoramento

Convoca: Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Contido: bolsas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos para o alumnado do terceiro ciclo matriculado nos programas de doutoramento.

Requisitos: persoas matriculadas no curso académico 2009/2010. Quedan excluídas as persoas que xa acadaran o DEA ou o título de doutor.

Prazo: dende o 2 de novembro ata o 11 de xaneiro de 2010.

Informa: Campus de Santiago, no Campus de Lugo e na páxina web <http://www.usc.es/cptf/>

[www.usc.es](http://www.usc.es)

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### Accións de apoio e acompañamento á formación

Convoca: Consellería de Traballo e Benestar.

Contido: subvencións destinadas á realización de accións de apoio e acompañamento á formación, de ámbito autonómico. Enténdense por accións de apoio aquelas que teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo.

Prazo: un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

Informa: DOG nº 225, 17/02/09.

## BOLSAS E AXUDAS

**Curso académico nos EEUU**

Convoca: Fundación Pedro Barrié de la Maza e a Fundación Amancio Ortega.

Contido: programa de bolsas para alumnos que desexen cursar un ano académico nun instituto de ensino público, High School, dos EEUU.

Requisitos: ser alumno de 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO) nun centro de ensino en Galicia. Ter, como media académica, un mínimo de 7,5 puntos no curso escolar anterior á solicitude, certificado polo centro de ensino. A cualificación da materia de inglés do curso anterior, deberá ser como mínimo de 7 puntos. Formulario de inscrición, a través da web [www.becashighschool.org](http://www.becashighschool.org).

Prazo: ata o 15 de decembro. Informa: [www.becashighschool.org](http://www.becashighschool.org) <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

**Actividade investigadora**

Convoca: Consellería de Economía e Industria.

Contido: Convocatoria de axudas do primeiro nivel, para 19 postos de traballo que desenvolvan a súa actividade nas universidades do SUG e nos organismos públicos de investigación e os centros de I+D dependentes dalgunha Administración pública con sede en Galicia.

Prazo: un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

Informa: DOG nº 227, do 19 de novembro de 2009.

**Igualdade no ámbito universitario**

Convoca: Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller. Contido: axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario.

Requisitos: poderán ser entidades beneficiarias, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nas bases, as universidades públicas de Galicia e os organismos públicos de investigación, constituídos por entes de dereito público ou fundacións públicas da comunidade autónoma.

Prazo: un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

Informa: DOG nº 228, do 20 de novembro de 2009.

# Calidade e recoñecemento nos creadores novos

11 categorías e máis de 500 mozas e mozos de entre 16 e 30 anos, o Certame Galego de Creadores Novos 2009 segue a cubrir fases achegándose cara á gran final. O concurso, promovido pola Dirección Xeral de Xuventude, está obtendo un gran nivel e unha excelente participación, o que fai máis difícil para o xurado a escolla dos gañadores. Por cada especialidade do concurso entréganse tres premios, de 3.000, 1.500 e 1.000 euros, respectivamente. A conta atrás rematou para algúns, como na especialidade de moda mentres que segue avanzando para outros finalistas que estes días agardan a resolución do certame. A gran final, o vindeiro 15 de decembro, na que se entregarán os premios das especialidades de artes plásticas, deseño de xoias, relato breve, poesía, música, grafiti e teatro.

A creatividade xuvenil como expresión do enorme talento da mocidade galega segue a pórse de manifesto neste certame no que pouco a pouco imos coñecendo os novos talentos gañadores, ao tempo que se debullan os finalistas das disciplinas de xoiería, artes plásticas, teatro e música. Polo momento, a que xa puido celebrar a vitoria foi a viguesa Rosa Martínez, que se alzaba co premio da 18 edición do Tesoira coa súa co-



**A viguesa Rosa Martínez foi a gañadora da 18 edición do Tesoira**

lección *Nipona. Glamour* e últimas tendencias foron as protagonistas da gala celebrada en Vigo na que se daban a coñecer os gañadores na especialidade de moda. O trunfo dos deseños xaponeses da viguesa foi absoluto, ao acadar, ademais do premio de 3.000 euros, o galardón á Creatividade concedido por El Corte Inglés. Este

recoñecemento garántelle a Martínez unha bolsa de traballo no departamento central de deseño de moda xuvenil desta empresa en Madrid. A madeira, a cerámica e o coiro compartiron os focos coas teas e outras tradicións puramente orientais como o *origami* ou os gravados nunha colección na que o xurado destacou a súa riqueza

artesanal e a súa unidade coa natureza.

Xunto con Rosa Martínez compartiron o podio outras dúas finalistas, Victoria Estévez, con *Baobabs*, e Jesica Costas, con *Ratiñas de Laboratorio*, que non marcharon coas mans baleiras. Ademais dos 1.500 e

O trunfo dos deseños xaponeses no Tesoira 2009 foi absoluto, ao acadar, ademais do premio de 3.000 euros, o galardón á Creatividade

1.000 euros acadados respectivamente, poderán gozar dun ano de prácticas formativas no taller de Cristóbal Vidal, Pilar Bande e María Mariño, un premio que compartirán con Rosa Martínez. O listado dos premiados non quedou aí e Sandra López, con *Envolturas*, acadou o premio especial de Innovación, entregado por Caixanova, mentres que o único participante masculino, José Antonio Santos, con *The little bastard*, alzouse co premio de Comunicación outorgado pola TVG.





## Xoias e artes plásticas no Centro Comercial

Os premiados tanto na disciplina de deseño de xoias como de artes plásticas coñeceranse tras o peche da mostra que recolleu as obras finalistas no Centro Comercial Compostela. A mostra atraeu numerosos visitantes e curiosos que aproveitaban unha xornada de compras para descubrir novas propostas artísticas. Na inauguración, o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro Tato, destacou a calidade de

todas as creacións presentadas ao certame e, de feito, resaltou que o xurado de cada unha das categorías estaba a ter "verdadeiras dificultades" para nomear os gañadores. Finalmente, o primeiro premio na categoría de deseño de xoias recaeu en Erika Trommer pola obra *Cyclorama* mentres que o segundo foi para Libertad Baz Rodríguez, polo traballo *Arquitecturas salgadas*. Finalmente, Andrea Piñeiro, con *Afianzamentos*

*vexetais* e Natalia Olarte, con *Ángel sen cabezas*, compartiron o terceiro premio.

Na categoría de Artes Plásticas, *Autorretrato*, de Beatriz Suárez, alzouse co primeiro premio namentres que Rodrigo Currás acadou o segundo posto con *Monte queimado, monte fechado* e Julia Aranda gañou o terceiro posto pola obra *Sen título*. O xurado decidiu completar a quenda de galardóns con

nada menos que seis mencións de honra, que poñen de manifesto as dificultades nas que se viron para sinalar os tres premiados. As mencións foron para Víctor García, por *Venus in furs (Paco)*; Sabela Barreiro, por *Recordos de identidade*; José Andrés Santiago, por *Entomológica I (da serie origami)*; Ismael Teira, por *Espida*; Marta González, por *Luscofusco* e Francisco Doel, por *Dar a luz*.



## Con suspense ata o final

O Salón Teatro de Santiago de Compostela acolle a gran final o 15 de decembro. Durante a gala entregáranse os premios das especialidades de artes plásticas, deseño de xoias, carteis, relato breve, poesía, teatro, música e graffiti. Para algúns deles haberá emoción ata o final. É o caso do teatro, xa que esta

disciplina celebrou tres diferentes semifinais no Auditorio de Lalín, no de Rois e no do IES Rosalía de Castro pero o gañador non se coñecerá ata o final.

Poucos días antes coñeceremos o gañador da disciplina de graffiti que sairá de entre sete finalistas: Roberto Sila, por *A arte está na rúa*, Jorge

Liñares e Guillermo Ramírez, por *Nove, oito, un rock*; David Brey, por *Fetosintesis*; Camilo González, por *Wild stail nunca morre*; Carlos Gómez, con *3D cartonx* e José Antonio Rodríguez, con *Comic na cidade* disputarán no IES Rosalía de Castro o título de mellor graffiteiro galego en 2009.

O concurso, promovido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, está a obter un gran nivel e unha excelente participación, o que fai máis difícil para o xurado a escollo dos gañadores

## Final de música

Un concerto serviu para escoitar e premiar os finalistas en música. Chotokeu foi o gran gañador polas cancións *Co paso do tempo* e *Tappin*, namentres Pi graos conseguía o segundo galardón por *Pídeo por favor* e *Unha noite de mércores*. O terceiro recoñecemento compartírono Sínefes con *Astronauta* e *Todo para ti* e mais Beatus Ille por *Go my Hoody* e *Zicatríz*.

## BOLSAS E AXUDAS

### Mozos españois residentes no exterior

Convoca: Ministerio de Trabajo.  
Contido: axudas correspondentes ao Programa de Mozos. Comprende dous tipos de axudas: A) axudas de formación para o emprego. B) axudas para actividades dirixidas aos mozos españois do exterior. Estas axudas teñen como obxecto: a) facilitar aos mozos españois residentes no exterior o contacto coa realidade española. b) fomentar a relación con outros mozos españois mediante a realización de actividades de información e promoción do asociacionismo. Prazo: un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no BOE.

Informa: BOE nº 277, do 17 de novembro de 2009.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/asociacions>

### Asociacións no exterior

Convoca: Ministerio de Trabajo.  
Contido: axudas do Programa de Asociacións. Teñen por obxecto contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento das federacións, asociacións e centros de españois no exterior.

Requisitos: poderán solicitar estas axudas: a) as federacións, asociacións ou centros de españois no exterior. b) As entidades que teñan por finalidade o apoio e a promoción sociocultural dos españois no exterior.

Prazo: un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no BOE.

Informa: BOE nº 277, do 17 de novembro de 2009.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/asociacions>

### Formación na pequena e mediana empresa

Convoca: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Contido: cinco bolsas de formación para titulados superiores. Cada bolsa estará dotada cunha cantidade de 10.000 euros.

Prazo: A documentación presentárase con anterioridade á data 1 de xaneiro de 2010.

Informa: BOE nº 278, do 18 de novembro de 2009.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## ACTIVIDADES

**Noítenova na Coruña**

Convoca: Concellaría de Mocidade da Coruña.

Contido: Noítenova, programa de actividades que se desenvolverá ata o mes de decembro de forma gratuíta. Este ano haberá un total de 55 actividades diferentes para as que o Concello duplicou ata 2.000 o número de prazas dispoñibles. Esta iniciativa está dirixida a xente dos 14 aos 30 anos de idade, polo que haberá actividades moi diferentes como os obradoiros de iniciación a escultura, danza ou creación literaria, actividades deportivas e musicais, así como proxeccións.

Informa: inscricións na web: [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex)  
<http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

**Asociación Xuvenil Amencer**

Convoca: Asociación Xuvenil Amencer.

Contido: -Festas de Reis infantil e xuvenil

-Xoán Bosco en Amencer, 30 de xaneiro.

-Exposición fotográfica A pobreza en Ourense, ata o 17 de decembro.

-Exposición do concurso de postais de Nadal. Do 14 de decembro ao 15 de xaneiro.

-Asemblea trimestral, 23 de decembro.

-Actividades para as vacacións de Nadal en Amencer. Do 28 de decembro ao 8 de xaneiro.

-Boscomusic. Concerto pola solidariedade de grupos xuvenís afeccionados da cidade de Ourense. Todo o recadado destínase ao Proxecto home de Galicia. Donativo de 3 euros. 9 de xaneiro.

-Operación Quilo 2009. Campaña de Nadal que consiste en achegar comida, xoguetes e diñeiro persoal, colectivamente ou como empresa para familias desfavorecidas de Ourense. Recóllese en Amencer e reparte Cáritas Ourense. Ata o 22 de decembro. Informa: Asociación Xuvenil Amencer. Praza Don Bosco, 1 baixo, 32003 Ourense. Tel./fax: 988 218 123.

[amencer@amencer.org](mailto:amencer@amencer.org)

# Folk con premio

Os novos seareiros da música tradicional poden dar o salto co Certame de Música Folk Radio Obradoiro

Gústache o folk? Es solista ou tes algún grupo e queres dar un paso adiante? Está en marcha a décima edición do Certame de Música Folk Radio Obradoiro, cun gran premio de 1.500 euros, no que este ano participa a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

As bases do concurso sinalan que poden participar todos os grupos ou solistas de música folk, tanto instrumental como cantada. A idea é dar unha oportunidade ás novas iniciativas, polo que non poden participar nin os gañadores das tres edicións anteriores nin aqueles músicos que, con data 1 de novembro, contan cun contrato discográfico.

Esta aposta pola mocidade tamén queda clara na cláusula que impide que dentro das agrupacións haxa máis dun 25% de compoñentes que superen os 30 anos; o músico que desenvolva a función de acompañamento cos participantes que vaian como solistas pode ser maior de idade.

Se queres participar, ata o 31 de decembro aínda estás a tempo de enviar unha maqueta con tres temas (cando menos dous inéditos) a: RADIO OBRA-DOIRO. EN CLAVE DE FOLK. Rúa do Preguntoiro, 29. 15704 Santiago de Compostela. Catro maquetas pasaran á final, que contará cunha gala o 22 de xaneiro.



Posterfolk 2009

**Curtas na rede.** O certame Curtas na Rede, na súa edición de 2009, rachou coas expectativas de participación, xa que foron case 250 pezas as presentadas, tres veces máis que en edicións anteriores. As creacións chegaron, ademais de desde Galicia, de países como Portugal, Arxentina, México, Chile ou Australia.

O concurso procura a consolidación da internet como un espazo útil para a exposición visual dos traballos, ao tempo que logra crear un punto de encontro e interactividade. Así, calquera das obras participantes están dispoñibles no portal [www.curtasnarede.es](http://www.curtasnarede.es).

O certame dividiuse en tres seccións, e a modalidade estrela é a de curtametraxes, na



Un momento da presentación

## Instrucións para o envío

No envío debe haber dous sobres.

No primeiro irá a maqueta con tres temas (dous inéditos), cun lema por fóra.

No segundo, o boletín de inscrición, a fotocopia do DNI de cada compoñente do grupo, unha fotografía, un teléfono e un correo electrónico de contacto e o título das cancións, así como a súa orixe. Este segundo sobre tamén levará por fóra o lema do grupo. Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación na gala final do certame, no suposto de resultar seleccionado.

que participaron 167 proxectos, o dobre que na edición anterior. As curtas debían ser inéditas e non podían exceder dos cinco minutos de duración, cinguíndose este ano a catro xéneros: ficción, experimental, documental e anima-

ción. As outras dúas seccións foron as *micromovies* e as cápsulas.

### Máis información

<http://www.radioobradoiro.com>

## Os premiados de 'Curtas na Rede'

Houbo máis de 30.000 euros para repartir entre os galardoados. O premio á mellor curtametraxe en galego foi para Xabier Marqués Solla por *Freud&Company* e, en castelán, recaeu en Pedro Moreno por *Señales*.

O primeiro galardón das curtas de ficción, xénero onde se concentraron a maioría das curtas, case 90, foi para Andrés Goteira por *O Paquete*. No xénero documental, o primeiro premio foi para Marcos

Nine por *Aarón*. En experimental, os gañadores foron Juan Lesta e Belén Moreno por *ANIM 01*. Finalmente, na categoría de animación, a gañadora foi a galega María Becerra coa curta *Lelo e as estacións*.

Completan o concurso dúas categorías máis, a de *micromovies* e a de cápsulas. Dentro das cápsulas -pezas curtas cunha duración non superior aos tres minutos-, a premiada foi *Jeriatric Park* de Rafael Navarro; e a micromovie (traballos rea-

lizados coa cámara do teléfono móbil que non poden exceder os 30 segundos de duración), *GPS* de Marcos Fernández Vázquez.

Imos cos actores. Iria Pinheiro (*Freud & Co*) e Xabier Pan (*Raccord do carallo*), recibiron o premio á mellor interpretación feminina e masculina, respectivamente. O premio para a mellor bitácora, outra das modalidades do concurso, foi para Toño Bouza por *Disparo de Nieve*, mentres que o de mellor guiñón recaeu en Flavio Pires

por *Naufragio*; o galardón á mellor montaxe foi para a curta *Agua do Galder Arriaga* e mellor dirección para Toño Chouza por *Ausencia de Cambio*.

Finalmente, os premios outorgados polo público a través das votacións na páxina web do certame foron para a curta *Amor rabiscos e outras cousas* e a cápsula *Beach Baby*, ambas do portugués Hugo Ricardo Sousa Ferreira; e, na categoría de micromovie, *Game Over*, de Adán Pichardo.

O voleibol galego ten en Monforte un referente. A Agrupación Deportiva A Pinguela leva dende 1987 apostando pola promoción do voleibol feminino

# A Pinguela, voleibol na Ribeira Sacra

Non só as grandes cidades poden manter os grandes clubs. En Monforte de Lemos, a capital da Ribeira Sacra, vive dende 1987 unha entidade que é todo un exemplo do que se pode facer con sentidío e moitas ganas: a Agrupación Deportiva A Pinguela.

O achegamento a este deporte de sete na cancha e unha rede por parte das nenas e mozas é o gran obxectivo do club, polo que os seus dirixentes e adestradores sempre tiveron especial agarimo no seu trato ao traballo de canteira.

O equipo naceu vinculado ao instituto monfortino do mesmo nome, ata o punto que compartían director, mais en 1989 comezou a andaina da Agrupación Deportiva pola súa conta. O éxito entre as mozas do concello, e de toda a bisbarra, foi tal que co paso do tempo foron agromando equipos vinculados aos distintos colexios e tres escolas deportivas, situadas no propio Monforte, no Saviñao e en Pantón. Porén, as experiencias para estender a práctica aos varóns non resultaron tan positivas.

Hoxe, a casa presidida por José Ramón Martínez Mareque mantén 232 licenzas federativas, das que 209 son femininas e 23 masculinas. É tal o éxito do voleibol na zona que existe unha liga propia para a comarca, ligada aos centros escolares, e outra provincial, algo que non é nada habitual. Ademais, dúas xogadoras da localidade



**A Pinguela gañou varios campionatos de España en categorías inferiores. Na fotografía, o seu equipo infantil desta campaña**

e unha do Courel xogan na selección española (Noelia Sánchez, Jennifer Méndez e María Xosé Garrido), sendo a lucense a provincia que conta con máis internacionais.

Moitas xogadoras comezan a practicar este deporte aos 11 ou 12 anos e seguen nel durante anos; algunhas chegan a entrar na primeira formación e outras deciden deixalo no momento de marcharen para estudar ou traballar fóra; claro que tamén son numerosas as deportistas que, saídas da canteira monfortina, xogan actualmente nos equipos doutras localidades ás que se desprazaron.

As mozas do primeiro equipo

conquistaron a última Superliga 2 e, tras vencer en Miranda de Ebro ao Promociones Díez Rical, fixéronse cun merecido retorno á Superliga, a máxima

Nos centros da comarca hai equipos de voleibol que forman unha liga propia

categoría do deporte, na que xa permaneceron dende 1996 a 2007.

Os case 600 socios son o soporte fundamental dunha insti-

tución que está nunha competición moi profesionalizada e que obriga a importantes desembolsos económicos. Ademais, a esa participación súmaselle o entrar nunha Superliga *junior*, na que tamén son obrigados os desprazamentos fóra de Galicia, e os gastos propios de manter unha estrutura tan numerosa que posúe varios campionatos de España en categorías inferiores. Cadrar balances e conseguir patrocinadores resulta moi complicado e algúns directivos chegan a ter que facer tres viaxes á semana seguindo os equipos.

Por dar un apuntamento do primeiro cadro, de momento o renomeado como Xacobeo 2010 A Pinguela Ribeira Sacra está conseguindo moi bos resultados nesta temporada polo que semella que non vai ter problemas para manter a categoría; e iso malia a lesión dunha xogadora tan importante como a belga Stephanie Van Bree, substituída por Silvana Olivera. De feito, algúns expertos xa lle colgaron o título de *equipo revelación*. O novo adestrador, o arxentino Hugo Gatuzzo, semella que sabe ben o que fai... ao igual que todas as persoas que fan que este club siga adiante.



**Equipo cadete da Pinguela**

## CURSOS

### Oferta formativa da Escola de Tempo Libre Cruz Vermella

Convoca: Escola de Tempo Libre de Cruz Vermella e o Centro de Formación de Vermella Roja na Coruña.

Contido: cursos de formación ata maio de 2010:

-Taller de habilidades para a prevención da anorexia e a bulimia. 15, 17 e 18 de decembro.

-Metodoloxía didáctica para a intervención educativa (10 horas), 12, 13 e 14 de xaneiro de 2010.

-Socorrismo acuático, inicio en febreiro de 2010.

-A planificación de proxectos en cooperación internacional.

-Coidados a enfermos de Alzheimer, do 14 ao 17 de decembro.

-Metodoloxía didáctica participativa para a intervención educativa, 12, 13 e 14 de xaneiro.

-Monitor de tempo libre, do 25 de xaneiro ao 20 de maio.

Informa: Cruz Vermella. Tel.: 981 169 163.

[www.cruzroja.es](http://www.cruzroja.es)

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasetempolibre>

### Máster en moda

Convoca: Escuela Superior de Diseño y Moda Felicidad Duce.

Contido: Máster en moda. Novos procesos e estratexias. Semipresencial. 42 créditos (420 horas) e estrutúrase en cinco módulos.

Datas: do 11 de xaneiro ao 28 de outubro de 2010. O horario será luns e mércores das 17 ás 21 horas.

Prezo: 4.400 euros.

Informa: Departamento de admisións, Ana Guerra. Tel.: 988 436 180. Pacifios, 2, 32667 Allariz, Ourense.

[aguerra@fdmoda.com](mailto:aguerra@fdmoda.com)

[www.fdmoda.com](http://www.fdmoda.com)

### Monitor de tempo libre

Convoca: Asoc. Xuvenil Abertal.

Contido: curso de monitor de tempo libre en colaboración coa escola Don Bosco.

Requisitos: ter máis de 18 anos e o graduado escolar.

Datas: decembro: 23, 26, 27, 28, 29, 30; xaneiro: 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10; febreiro: 14, 15, 16 e abril: 1, 2, 3, 4.

Prezo: 250 euros.

Informa: <http://abertal.org> ou directamente nos locais de Abertal na rúa Venezuela 3 baixo. 36203 Vigo (Pontevedra), teléfono: 986 225 662 / 606 644 246.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasetempolibre>

## CURSOS

**Formador en mediación xuvenil para unha condución responsable**

Convoca: Dirección Xeral de Xuventude.

Contido: curso de Formación de formadores en mediación xuvenil para unha condución responsable. Ten unha duración de 20 horas. Nº de horas presenciais: 15. Nº de prazas: 20.

Lugar: Casa da Xuventude de Noia.

Requisitos: destinado preferentemente a profesionais que traballan coa xuventude nas casas da xuventude e nos centros de información e orientación especializado.

Datas: sesións presenciais: 4, 5 e 7 de xaneiro, en horario das 10 ás 15 horas.

Prazo: as solicitudes presentaranse na Casa da Xuventude de Noia e o prazo rematará tres días antes de comezar o curso.

Informa: Casa da Xuventude de Noia: 981 823 802, fax: 981 823 802.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/inicio>

## OFERTAS DE TRABALLO PÚBLICO

**Noítenova na Coruña**

Convoca: Servizo de Saúde de Castela-A Mancha (SESCAM).

Contido: convoca proceso selectivo polo procedemento de concurso-oposición, polos sistemas xerais de acceso libre e de promoción interna e polo sistema xeral de acceso de persoas con discapacidade, para o ingreso nas seguintes categorías: celador, enfermeiro, auxiliar de enfermaría e auxiliar administrativo.

Prazo: un mes, a contar desde a publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Castela-A Mancha.

Informa: Diario Oficial de Castela-A Mancha nº 202, do 16 de outubro de 2009.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/emprego-publico/autonomica>

Laura Zapata. Traballadora social

# Porno verde, ¿"amor animal"?

No Festival Internacional de Cinema de Berlín, Isabela Rosellini impresionou o público coa presentación da primeira das series de curtametraxes bautizadas coma *Porno Verde*. Escritas, dirixidas e protagonizadas pola actriz italiana, recollen o xeito de copular dalgúns animais coma o caracol, a mosca, a araña... As curtas poden atoparse na web e teñen miles de visitas de persoas que, motivadas pola curiosidade, atopan a actriz disfrazada e copulando ante a cámara. E chega agora a segunda tempada, onde Isabela Rosellini se somerxe no mundo mariño, nos apetitos e nas prácticas habituais de baleas, estrelas de mar, lapas, peixe sapo e percebes.

A sona que tivo e está a ter o *Porno Verde*, pode estar motivada pola curiosi-

impulsos sexuais. Tamén é verdade que se poden ver algúns elementos que poden facernos pensar que os animais teñen erótica e non soamente prácticas reprodutivas. Prácticas como a estimulación oral dos xenitais ou autofelacións foron documentadas en cabras, primates, hienas e ovellas;

o porco espiño macho ouriña sobre a femia antes da cópula, as femias solitarias adoitan estimularse cun pau; o antílope africano copula coa femia ata a extenuación....

¿Pódense entender estas prácticas como eróticas? Ao ver e observar estas conduta dende a óptica humana trasladamos, dalgún xeito, o humano á natureza propia dos comportamentos animais. Os seres humanos relacionámonos entre nós, atraémonos e desexámonos, movidos polo pracer, o amor e/ou a reprodución; é dicir, por algunha destas tres ideas, ou polas diferentes combinacións delas, construí-

mos ao longo da nosa vida a nosa sexualidade, única e persoal, cada quen a súa propia, na cal acollemos entre outros moitos conceptos á erótica e á amatoria.

¿Pero este esquema humano é aplicable no mundo animal? ¿Non se tratará, o *Porno Verde*, máis ben dun oximoron, dun imposible? As prácticas do mundo animal teñen pouco que ver coa erótica dos humanos que entraña moita diversidade tanto na finalidade coma nos desexos, nas prácticas, na intencionalidade, na vivencia... cousas que non se poden atribuír do mesmo xeito ao mundo animal.

Así, o xeito en que os animais satisfán os impulsos sexuais confróntase coa diversidade de expresións das sexualidades no ser humano. Somos seres sexuados, seres que sexuamos todas as nosas vivencias como home ou como muller cos nosos matices e peculiaridades, ao tempo que construímos as nosas sexualidades, formada polos nosos desexos e os diferentes xeitos que temos de expresalos e levalos a cabo.

O porno é un xeito máis de expresar o noso sexo e a nosa sexualidade, cada persoa a súa, unha expresión erótica máis. Ao falarmos de *Porno Verde*, pártese dunha contradición coa que se crea este novo concepto, unha unión que ten como resultado o absurdo de relacionar por unha banda, unha expresión das sexualidades humanas que son únicas e exclusivas do ser humano como ser sexuado (o porno), e pola outra aquelas que teñen que ver co mundo animal e as súas condutas reprodutoras (verde). Esta unión sarcástica de conceptulizacións é, tal vez, o resultado da humanización do mundo animal. Os animais copulan, teñen rituais de cortexo e se reproducen namentres os seres humanos amamos, desenamorámonos, elaboramos a nosa vivencia da sexualidade...



**O animal que levo dentro.**

Santi Jiménez. 2008.



Máis de dous mil persoas, a maior parte deles estudantes, tiveron a oportunidade de visitar a maior feira científica de Galicia, Galiciencia 2009, que se desenvolveu no Parque Tecnolóxico ourensán de San Cibrao das Viñas. Promovida pola Dirección Xeral de I+D+I da Consellería

de Economía e Industria, o certame contou con obradoiros, sesións didácticas e relatorios aínda que o prato forte foi a exposición dos proxectos científicos elaborados por estudantes de secundaria con motivo da celebración da Semana da Ciencia.

# Pequenos xenios, novas promesas

Ademais de éxito de público, Galiciencia tamén obtivo éxito de participación. Por vez primeira a feira, que chegaba á súa cuarta edición, acadou o medio cento de proxectos escolares presentados. Estudantes das catro provincias galegas, ademais de Barcelona e Gipuzkoa, foron os encargados de facer a presentación e defender os proxectos, algúns dos cales tiveron a súa orixe no programa de dinamización do emprendemento xuvenil 'TIC-TAC!: talentos da innovación e a creatividade. Todos a competir!', auspiciado polo FEUGA e a Tecnópole no marco do Ano Europeo da Innovación e a Creatividade.

Finalmente foron os vascos os gañadores absolutos do certame coa súa 'Análise do iogur e do kéfir'. Ademais de imporse na categoría bacharelato/FP, Endika Arquerro e María Mediavilla acadaron o premio



ron o premio final ao obter a maior puntuación, o que lles permitirá viaxar a Barcelona para participar na Exporecerca, a feira científica análoga a Galiciencia en Cataluña.

Nas outras dúas categorías os gañadores foron os estudantes ourensáns Álex García, Antonio Cañizo e Juan Mata, vencedores na categoría do 2º ciclo da ESO co seu proxecto dunha mochila ergonómica para evitar as lesións de costas. O traballo levaraos a Bruxelas en abril de 2010 para competir na Exposciences, a maior feira científica europea

para estudantes. Finalmente o terceiro premio, na categoría de 1º ciclo da ESO, foi para as científicas máis novas da feira, as viguesas Laura López e Covadonga López, que elaboraron un complexo estudo comparativo das diferentes áreas da praia de Lagos, en Bueu.

O certame rematou coa

**"O premio absoluto permitiralles viaxar a Barcelona para participar na próxima edición da Exporecerca, a feira científica análoga a Galiciencia en Cataluña"**



A cuarta edición do certame acolleu a presentación de medio cento de proxectos elaborados por alumnos de secundaria

entrega de diplomas e foto de familia para homenaxear o esforzo e a dedicación de todos os participantes que trouxeron enxeños sorprendentes pola súa sinxeleza, como un protector de xeados que evita que nos manchemos ou un enxizador para tacos de billar, ou outros máis complexos, como un sistema operativo que permite empregar os programas sen necesidade de instalalos. En total foron 15 proxectos de escolares pontevedreses, 15 ourensáns,

9 da Coruña, 4 de Lugo, 6 de Barcelona e un de Guipúscoa os que participaron na feira e foron sometidos a criterio do xurado experto, quen decidiu os gañadores

En paralelo á mostra tivo lugar tamén outro tipo de actividades deseñadas no marco do Ano Internacional da Astronomía e o Ano Darwin. Así, os estudantes de primaria puideron coñecer os segredos da galaxia grazas a un planetario

móbil ou participar nun obradoiro sobre evolución. Finalmente, o divulgador científico Adolf Cortel coa súa ciencia divertida achegou experimentos científicos aos máis pequenos a través de relatorios e sorprendentes sesións didácticas ao redor da luz, o son e a carga eléctrica.

**Máis información**

<http://www.tecnopole.es/>



Os gañadores das tres categorías: Laura López, Covadonga López, Álex García, Antonio Cañizo, Juan Mata, María Mediavilla e Endika Arquerro. Á dereita, unha vista do pavillón



O Movemento Scout ten coma obxectivo formar aos mozos e mozas en valores de convivencia, igualdade e respecto

## Moito máis ca unha colección de insignias

*As máis das veces caricaturizados ou reducidos a un arquetipo, o Movemento Scout ou escultismo nada ten que ver co cliché que os retrata como rapaces en competición por acadar insignias ou axudar os maiores a cruzar unha rúa. Trátase do movemento xuvenil máis grande do mundo, unha iniciativa educativa que ten coma obxectivo formar os mozos no aspecto físico, espiritual e mental para convertelos en cidadáns.*

Con máis de 100 anos ás costas, o escultismo mantén hoxe en día toda a súa forza e a súa razón de ser cobra maior importancia se cabe na sociedade actual. Diversificadas en España en dous grandes ramais, a Federación de Asociaciones de Scouts de España (ASC-DE) e o Movimiento Scout Católico (MSC), en Galicia ambas correntes teñen a

súa representación. Malia as diferenzas entre elas, todas teñen en común un mesmo sistema de valores que xira ao redor da Promesa, a Lei Scout e a defensa do asociacionismo educativo como complemento a formación regrada.

Con ou sen uniforme, con mochila ou con insignias, poderémolos identifi-

car doadamente polo pano ao redor do pescozo. Son os scouts e o pano, o símbolo do compromiso adquirido ao entrar a formar parte do movemento. Nado en 1907 para combater a delincuencia na Inglaterra de comezos do século XX, o escultismo segue hoxe vixente e aglutina a máis de 28 millóns de persoas. Repartidos en 217 países, o Movemento



Scout ampara unha complexidade maior da que se lle pode presupor. Baseado nun sistema de auto educación progresiva, complementario da familia e da escola e pluriconfesional, esta iniciativa pivota ao redor de tres piares fundamentais: as actividades lúdicas con obxectivos educativos, as actividades ao aire libre e o servizo comunitario.

Baixo eles organízase un movemento cuxas orixes en Galicia se sitúan arredor de 1912, cunha ruptura moi forte nos anos da Ditadura, na que o movemento foi prohibido. Na década dos 70 os grupos de scouts volven reactivarse e, en 1978, España queda recoñecida na Organización Mundial do Movemento Scout. Segundo

este organismo se establece tanto a metodoloxía educativa como a organización do colectivo. Aínda que existen variacións, os scouts estrutúranse en grupos por idades, a partir dos 6 anos e ata os 20 ou 21, aínda que o certo é que calquera persoa pode ser scout con independencia da súa idade.

Os grupos están coordinados polos responsables, denominados tamén "scouters", que dedican parte do seu tempo libre a educar neste estilo de vida. Para eles é moi frecuente organizar cursos de formación que lles dá acceso ao Título de Monitor de Actividades de Tempo Libre ou ao máis avanzado, o Título de Director de Actividades de Tempo Libre, ambos da



## Toma nota...

### GRUPOS POR IDADES

- **Castores:** entre os 6 e 8 anos. Unha etapa na que o neno pasa dun mundo seguro, como a súa casa, a un mundo novo, inseguro, a sociedade, a natureza...
- **Lobecos/as:** entre os 8 e os 11 anos. A través do xogo ensínaselles a que vaian tomando pequenas responsabilidades, a compartir, convivir cos demais...
- **Rangers (ou Scouts):** entre os 11 e os 14 anos. Mediante a aventura e as especialidades (campismo, orientación, fotografía...) aprenden a desenvolver as súas capacidades.
- **Pioneiros (ou escultas):** entre os 14 e os 17 anos. Desenvolven actividades enfocadas a transformar a súa realidade máis próxima e a concienciarse fronte aos problemas da sociedade.
- **Rovers (ou compañeiros):** entre os 17 e os 20 anos. Toman a súa opción de servizo á sociedade colaborando con outras asociacións e institucións.

\*Existe variación nestes grupos xa que non todos os scouts ofertan as mesmas etapas.

Xunta de Galicia. O máis importante é que a oferta se adapta segundo a idade e o grao de compromiso que os rapaces queiran adoptar polo que o que para uns é contar cun grupo de amigos para facer xogos e aventuras, para outros convértese nun lugar no que expor o seu compromiso para mellorar a súa contorna e, en definitiva, unha iniciativa que lles permite medrar como un cidadán comprometido.



#### Dous brazos do mesmo corpo

#### ASDE-Scouts de Galicia e Scouts Galicia-Escutismo Católico Galego (ECG) .

Movemento Scout en Galicia. ASDE é unha organización non governamental sen ánimo de lucro que desenvolve o escultismo a través de programas educativos nos ámbitos da educación pola paz e o desenvolvemento, cunha oferta educativa entre os 6 e os 21 anos. ASDE está composto por sete grupos scouts presentes en catro cidades galegas.

Pola súa banda, o Escutismo Católico Galego ten a súa orixe na asociación diocesana de escultismo, creada en 1973 en Santiago de Compostela. Actualmente pertencen a este movemento 11 grupos scouts distribuídos en nove vilas galegas, con preto de 500 membros. A súa oferta educativa esténdese entre os 8 e os 19 anos, aínda que eles mesmos din que "scout un día, scout para sempre".



#### Sólidos principios.

Os scouts poden diferir no seu uniforme ou na confesión relixiosa pero todos eles, sexan do país que sexan, teñen dous principios fundacionais, a Lei scout e a Promesa scout. A primeira recolle o conxunto de valores nos que se educa o escultismo. Orixinalmente concibida polo fundador do movemento, Robert Baden-Powell, é o núcleo do Método scout e ao redor dela pivotan os demais elementos pedagóxicos do movemento. Pola súa banda, a Promesa scout é o compromiso persoal que debe asumir o novo membro, libre e voluntariamente, ao comezar a súa participación no movemento.

# Malta: Sol, mar, festa e monumentos na terra dos cruzados



Os portos de Malta máis típicos acollen embarcacións tradicionais. Fotos: Malta Tourism Authority/Michèle Pesante

Valletta, vista dende o porto Marsamxett. MTA/Clive Vella



*As illas de Malta, Gozo e Comino son o destino ideal para facer unha escapada na procura de praias e lugares cheos de encanto e historia*

Se no anterior número do Infoxove propuñamos unha viaxe ata o centro do continente, á capital da República Checa, neste apostamos polo mar e tamén por un pouco máis de sol, que non vén mal. Imos concretamente ata Malta, un auténtico sete camiños polo que levan pasado decenas de civilizacións ao longo dos séculos.

Realmente Malta (o Estado) non é unha única illa senón un arquipélago formado por sete entre as que destacan tres: Gozo, Comino e a propia Malta, que é a máis grande e o centro administrativo, cultural e económico. A Gozo hai que acudir para gozar dun ambiente máis rural e pesqueiro, namentres que Comino está case sen residentes habituais pero tamén recibe numerosos visitantes.

O éxito de *Ágora*, o filme

de Alejandro Amenábar, fixo acordar de novo o interese por este pequeno país membro da Unión Europea no que se atopan restos históricos con máis de sete mil anos ás costas. Fenicios, cartaxineses, romanos, bizantinos, árabes, normandos ou aragoneses dominaron estas terras ata que, no tempo das Cruzadas, foron encomendadas á Orde Militar de San Xoán de Xerusalén, que deixou unha especial pegada que é visible en grandes edificacións, escudos heráldicos e tradicións. Despois chegaría un breve dominio francés e seguido do británico, ata a independencia no 1964. A influencia dos ingleses quedou en feitos como o de conducir pola esquerda.

Por onde comezar a nosa aventura? Os visitantes poden achegarse ás oficinas de turismo na Valletta (a capital), no aeroporto e máis en

Victoria (xa en Gozo) ou lanzarse directamente á aventura polas súas rúas; en todo caso é recomendable facer unha planificación previa do que se quere visitar.

**Gozo.** A illa de Gozo, a segunda máis importante do arquipélago, é máis relaxada ca principal se ben tamén é un centro turístico. Nela subsisten máis claramente as tradicións dun pobo ligado ao agro e ao mar, que dedica unha atención especial á artesanía.

En Malta hai que conducir pola esquerda

**Comino.** Entre as dúas illas principais está Comino, un destino ideal para os amantes do buceo, o sendeirismo e o windsurf. Se dedicas algo do teu tempo a ir ata ela, as maravillosas augas da Lagoa Azul serán, de seguro, o fondo para moitas das túas fotografías.

A arte ten un especial peso nestas terras que sempre están abertas a grandes exposicións ou eventos de interese, como concertos de todo tipo. Na arquitectura destacan o palacio dos grandes mestres da Orde de Malta, do século XVI, e a *Sacra Infermería*, hoxe centro de congresos.



Foto: MTA/Michele Pesante

**Os desprazamentos.** As illas de Malta e de Gozo son bastante pequenas e resulta sinxelo moverse por elas. Existe unha flota de autobuses, bastante pintorescos por fóra, con viaxes por menos de sesenta céntimos. Tamén hai a opción de coller un auto de aluguer por días, tendo en conta que se conduce pola esquerda e que os sinais van estar en inglés. Os amantes das dúas rodas poden optar por motos ou bicicletas de montaña, moito olliño nas estradas máis secundarias. E se queremos movernos polo mar decantarémonos polos barcos ou polas *dghajsa*, que son as embarcacións maltesas máis tradicionais.



Foto: MTA/Clive Vella

**A noite.** Os malteses considéranse cen por cen mediterráneos e para eles a festa é moi importante. A troula está favorecida polo benigno do clima e sempre hai rebulir de xente nas súas noites. Moitos *disc jockeys* de sona internacional apostan por pinchar nas súas discotecas e clubs as fins de semana durante todo o ano, especialmente na zona de Paceville, e ademais de grandes figuras tamén existe a posibilidade de escoitar a músicos emerxentes de xeito gratuito en locais máis pequenos. No verán dispáranse as actividades e celébranse concertos e festivais con figuras do rock e do pop.



Foto: MTA/Michele Pesante

**As festas locais.** As pequenas comunidades teñen un especial coidado en que as súas festas destaquen sobre as dos veciños. Santos patróns, bandas, comida e fogos artificiais no ceo son os ingredientes básicos dunhas celebracións tradicionais con moito encanto que tampouco é que se diferencien moito das galegas na súa cerna...



Foto: MTA/Clive Vella

**Imos á praia.** Sería imposible recoller todas as praias que se poden visitar, hainas máis grandes ou máis pequenas, de area ou de rochas... A auga, no verán, está a 22,8 graos e pode sorprendernos a ausencia de mareas, pero é que estamos no Mediterráneo. A temporada de baños soe durar de marzo e outubro.

as tradicionais *dghajsa*.

Falemos de idiomas. Os oficiais son o inglés e o maltés, aínda que tamén hai moita xente que fala o italiano. O país está densamente poboado e non faltan os lugares con aglomeracións de xente compensadas por recunchos cheos de paz, como as aldeas de pescadores nas que pasar un bo rato, coñecer os costumes e probar a gastronomía local. Queda claro que unha visita a Malta paga a pena.



A Cidadela Victoria.  
Fotos: MTA/Michele Pesante

**Un momento de acougo.** Para que tantos sitios a visitar? Hai quen prefire sinxelamente dispor dun recuncho apartado onde descansar, e nas illas hai dabondo lugares plácidos no campo, ou na beira do mar, para pasar o día tranquilamente. Podemos deixar o paraugas na casa pois as posibilidades de choiva son bastante remotas. Hai moitas horas de sol e, se este pega demasiado, podemos confiar en que chegue unha brisa mariña para refrescarnos.

Máis información

- Portal de turismo: <http://www.visitmalta.com>
- Aeroporto de Malta: <http://www.maltairport.com>

Sol case todo o ano, mar e monumentos

Os petos máis desafogados ou as tarxetas de crédito máis arriscadas poden probar sorte nalgún dos seus casinos, a escolla varía entre complexos ultramodernos ou palacios restaurados propios doutra época. Mais, haberá problema para pagarmos? Ningún, o euro é a moeda oficial dende 2008. E, se falamos de millonarios, non podemos esquecer a importancia do porto da Valletta como refuxio de carísimos iates e doutras embarcacións de todo tipo como

## OFERTAS DE TRABAJO PRIVADO

**Aprendizaxe de idiomas**

Convoca: Over the Rainbow Language Centre. Vigo.

Contido: Cursos de idiomas, traballo ou prácticas profesionais e estancias como au pair en Europa e Estados Unidos.

Informa: Over the Rainbow. Rúa Tomás Paredes, 16, 36208 Vigo. Tel.: 34 986 246 141. Fax: 34 986 120 105.

[www.otrenghish.com](http://www.otrenghish.com)

[www.otridiomas.com](http://www.otridiomas.com)

[info@otrenghish.com](mailto:info@otrenghish.com)

**Animadores**

Convoca: Dezdedez [10D10].

Contido: Esta empresa está interesada en contactar con mozos creadores, animadores, pallasos, magos, humoristas, actores... para traballos puntuais. Prazo: Todo o ano.

Informa: Dezdedez. Maxistrado Manuel Artime, 26 - 1º esquerda, A Coruña, tel. 981 140 045. [dezdedez@airtel.net](mailto:dezdedez@airtel.net)

**Au pair, estudos e traballo**

Convoca: Feedback Galicia. Santiago de Compostela.

Contido: Ofrece as seguintes posibilidades:

-Aprender idiomas de forma natural convivindo con familias nativas.

... Para rapaces de 18 a 28 anos e con nivel básico do idioma. Prazo: de 6 a 8 semanas de antelación durante o ano. En abril para as estadias de 3 meses no verán.

-Traballo na hostalaría no Reino Unido e Irlanda. Con ou sen aloxamento.

-Estadía combinada de asistencia a clases con traballo remunerado na hostalaría en Inglaterra, Dublín e Alemaña.

Informa: Feedback Galicia. R/ Feáns, 15 baixo-A, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña, tel. 981 590 220. Fax: 981 590 213. <http://www.galeon.com/feedbackgalicia>

**Au pair, traballo no estranxeiro**

Convoca: American-Link.

Contido: -Programas de au pair e traballo no estranxeiro:

-Programas de idiomas para adultos e prácticas de traballo.

-Programas en familia para rapaces de 8 a 17 anos.

Informa: American-Link. Vía Augusta, 127, 08006 Barcelona, tel. 932 008 888.

[pilar@american-link.com](mailto:pilar@american-link.com)

[www.american-link.com](http://www.american-link.com)

[www.golinking.com](http://www.golinking.com)

# Voluntarios en acción camiño do Xacobeo 2010

*Preto de 200 mozos e mozas tomaron parte no I Encontro de voluntariado xuvenil que tivo lugar en Santiago e no que se anunciou o arranque do Servizo Galego de Voluntariado*

Dar un xiro á xestión das iniciativas voluntarias de Galicia para facelas converxer co Programa europeo de juventud en acción. Este é un dos obxectivos cos que nace o Plan Galego de Voluntariado, que foi anunciado pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no marco do I Encontro Internacional de voluntariado xuvenil celebrado en Santiago de Compostela. Un total de 200 mozas e mozos procedentes de 15 países europeos puideron coñecer de primeira man as diferentes actividades nas que se está a traballar no eido do voluntariado, ademais de coñecer a próxima posta en marcha do Servizo Galego de Voluntariado para mediados do ano que vén.

Dirixido a entidades de acción voluntaria xuvenil, asociacións de voluntariado, persoal de OMIX e voluntarios en xeral, o I Encontro de voluntariado xuvenil acadou éxito de convocatoria e de anuncios. En primeira instancia serviu para coñecer a convocatoria do Consello Galego de Voluntariado e o comezo da tramitación da Lei de impulso da acción voluntaria, iniciativas ambas encadradas no Plan Galego de Acción Voluntaria, cun orzamento de 2,5 millóns de euros para o 2010. Pero ademais, o encontro foi o marco idóneo para o anuncio da posta en marcha do Servizo

Galego de Voluntariado Xuvenil. Entre os seus obxectivos inmediatos: avalar os proxectos das organizacións voluntarias galegas, facer máis doada a existencia das ONG a través de xestión de axudas e elaborar unha base de datos de interesados en participar no voluntariado, unha tarefa especialmente intensa de cara ao Xacobeo 2010.

Para este Ano Santo a Xunta traballa arreo para encher o calendario de actividades. Así, a Consellería de Traballo e Benestar xa asinou un convenio coa Universidade de Santiago para ofrecer formación aos estudantes de medicina e enfermería para que sirvan de apoio sanitario no Camiño de Santiago durante o verán. A aprobación deste curso terá vantaxes non só para os camiñantes senón tamén para o alumnado, que obterá 3 créditos de libre configuración por este curso. Ademais, o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, tamén anunciou a organización de varios campos de traballo no Camiño Francés, no de Fisterra-Muxía e na Vía da Prata.

## Máis información

- [www.voluntariadogalego.org/](http://www.voluntariadogalego.org/)
- <http://www.cooperaciongalega.org/>
- <http://www.decimosegundocongresoestatalvoluntariado.org/>



**Neste Encontro anunciouse o arranque do Servizo Galego de Voluntariado**

## Presenza de Galicia no XII Congreso estatal de voluntariado en Murcia

O encontro, promovido como foro de intercambio de ideas, contou coa participación dos mozos e mozas que integran o Programa xuventude en acción, a gran aposta da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, un plan concibido como modelo de futuro no xeito de traballar no voluntariado. De feito, este encontro serviu tamén para coñecer o programa de actividades do Día Internacional do Voluntariado, que tivo lugar o 5 de decembro.

Con motivo desta efeméride programouse un completo plan de actividades durante esa semana. A visita guiada a un dos

centros pioneiros da acción voluntaria en Galicia, o Centro Don Bosco, na que participaron preto de 40 mozos e mozas deu a saída destas actividades que se completaron con varias xornadas para dar a coñecer os programas que a Xunta realiza en colaboración coas tres universidades galegas. Finalmente, o voluntariado galego participou dun xeito activo no XII Congreso estatal de voluntariado, que se celebrou en Murcia de 3 ao 5 de decembro. Alí o espazo expositivo galego dedicou unha atención especial ao Xacobeo 2010 e ao xeito de participar como voluntario na súa celebración.

## Escritores galegos e portugueses, na homenaxe a Xosé Fernández Ferreiro

Escritores galegos e lusos, académicos e representantes das administracións públicas déronse cita en Ourense para homenaxear o escritor e xornalista Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931). O escenario escollido foi o Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil concibido como un punto de encontro entre os novos escritores e os máis experimentados onde debater sobre a literatura galega

e portuguesa contemporánea. Inma López Silva, Tucho Calvo, Alberto Ramos, Carlos Caneiro, José Rui Teixeira, María João Reynaud ou Gonzalo Navaza foron algúns dos creadores que tomaron parte nas mesas redondas habilitadas durante a xornada, que rematou cun coloquio baixo o título *Fernández Ferreiro na voz dos amigos*.

Pertencente ao grupo Brais Pinto que actuou de ca-

talizador da nova e proscrita literatura galega na década dos 50, Fernández Ferreiro é autor, entre outras, da novela *A morte de Frank González* (1975), *Reportaxe Cósmico* (1983) ou *Os últimos fuxidos* (2004), este escritor e xornalista vén de publicar este mesmo ano a súa última obra *Tempo de centeo*, onde retoma a temática da Guerra Civil.

O autor tivo palabras de

agradecemento aos presentes e aos responsables da iniciativa, promovida polo PEN CLUBE en colaboración coa Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense. Entre os asistentes estiveron o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, e os directores xerais de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López, e de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

# A movida no corazón do Xallas

*Santa Comba reúne cada semana milleiros de festeiros dispostos a divertirse, e o seu troulear vén de lonxe*

No interior da provincia coruñesa existe un centro neuráxico ao que se achegan mozos e mozas dos arredores, e tamén de lugares situados a bastante distancia. Trátase de Santa Comba, o corazón da comarca do Xallas.

A actual movida de Santa Comba pódese cualificar case de histórica, pois xa hai máis de 30 anos que moitas nais e pais (e mesmo algún avó) dos novos de hoxe acudían a locais ou ás súas salas de festas. Aínda que os máis vellos do lugar poden falar de esmorgas de hai máis de 50! invernos no que hoxe é a Sala de Festas Xallas. Daquela saíanse os sábados, os domingos e luns de feira (vaia aquante). Por esa discoteca, e por outras como a Sala Sumara ou Gema 2000, pasaron artistas *mítiquísimos* como Os pallasos da tele, Lola Flores, Juan Pardo ou Manolo Escobar.

Volvemos ao presente. A rúa Galicia é o epicentro actual deste peculiar terremoto e aos festeiros tócalles moverse derredor súa, con maior ou menor dificultade

. A proliferación de locais é tal que a policía municipal cifra en preto de 8.000 o número de persoas que se congregan nun dos sábados grandes; porén o habitual é que sexan uns 5.000 os que se acheguen a pubs e discotecas como o Discovery, o Teixón, A Guarida, Sonik, Ruta 2000... Claro que a algúns veciños o ruído constante, as aglomeracións nos portais dos establecementos e o tráfico de coches e motos non lle chista demasiado.

A policía local di que chegan a reunirse 8.000 persoas nas súas rúas

Tanta oferta implica bastante variedade no que corresponde á música (clásicos, actual, house, latina, pop, radiofórmula...) e á xentía coa que te podes atopar, non sendo raro o reencontro polas súas rúas de vellos amigos que nin en soños pensaban atoparse de novo, e menos alí.

O repaso á movida non estaría completo sen facer unha mención ao espírito *moteiro* que se vive, especialmente, nas con-

**CONCENTRACIÓN motera en Santa Comba**

**29 A G 30 O S 31 T 2008**

**Viernes 29**  
21:00 Apertura de inscripciones y de camping gratuito/Recibimiento de bienvenida con cerveza y penchos gratis.  
22:00 Concursos con troleos a:  
MEJOR CABALLITO  
MEJOR INVERTIDO  
MEJOR ACELERACIÓN  
MAYOR CARGA  
Además de atracciones como: tirachables, máquina de espumador mecánico, minimoto, etc.  
23:30 Show Acrobático (Nelson Pina y otros).  
24:00 Fiesta de la Juventud.  
25:30 Fiesta motera con discoteca móvil, DJ's, gogos y streppers amenizada con una degustación de "quemada" hasta el amanecer.

**Sábado 30**  
12:00 Apertura de inscripciones, atracciones y papera.  
15:00 Competición de luras y minimoto.  
16:00 Ruta moto-turística con degustación.  
17:00 Exhibición Car-Cross de Jorge López y Sanfil Pedreira.  
18:30 Show Acrobático (Nelson Pina y espectáculo infantil con tres acrobatas).  
20:00 Fiesta de la espuma con Gogos, entrega de troleos y sorteo.  
21:30 Cena a gratis para escritores en local concertado.  
23:30 Ruta de la antorcha.  
24:00 Movida nocturna hasta el amanecer.

**Domingo 31**  
09:30 Desayuno.  
13:00 Comida.  
15:00 Cierre y despedida con Qstranga.

**INSCRIPCIONES LIMITADAS**  
28 € Inscripción  
1/2 Inscripción 20 €  
Telf. Contacto: 616 440 400 - 699 917 311

centracións que dende hai un par de anos acolle a localidade.

Os empresarios do lecer xalleiros apúntanse ao asociacionismo e ás iniciativas para tentar que a súa nutrida clientela recunque; por iso adoitan organizar sorteos e outras actividades como os portais na internet nos que lembrar, nos días laborables, a última festa a través de foros e fotografías.

Sempre que se fala de lugares de marcha, salta a competencia localista de *quen arrastra máis xente ou onde está o mellor ambiente* e Ordes e Negreira poden ser considerados os *adversarios* naturais de Santa Comba pola hexemonía nas súas bisbarras. Que non se preocupen, que nalgún outro Infoxove daremos conta desas vilas tamén recomendables...

## OFERTAS DE TRABALLO PRIVADO

### Animadores de lecer e tempo libre

Convoca: Programa Galicia Lecer - Vida Láctea, S.L.U.  
Contido: Esta empresa está interesada en contactar con mozos e mozas, con ou sen experiencia, no eido do montañismo, sendeirismo, guías turísticos, animadores socioculturais, monitores de tempo libre, humoristas, actores, pallasos, contacontos...  
Prazo: Todo o ano.  
Informa: Programa Galicia Lecer - Vida Láctea, S.L.U. Avda. de Compostela, 25 - B.J. 27620 Sarnos (Lugo). Tel.: 629 023 482.  
www.vidalactea.com  
info@vidalactea.es  
joseluis.garzasilvela@gmail.com

## PREMIOS E CONCURSOS

### Fotografía

Convoca: Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.  
Contido: Concurso fotográfico de tema terá relación co camiño de Santiago.  
Requisitos: fotografías entre 18x24 e 30x40.  
Prazo: ata o 31 de decembro.  
Informa: Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.  
http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate

### Literatura

Convoca: Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.  
Contido: certame literario.  
Requisitos: poderán participar escritores de calquera nacionalidade. O tema será libre, relacionado co Camiño de Santiago.  
Prazo: ata o 31 de decembro.  
Informa: Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago. Costa Nova de Abaixo, 17. 15705 Santiago  
http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate

### Ministerio de Defensa

Convoca: Ministerio de Defensa.  
Contido: 3ª edición do Premio Fidel Pagés Miravé.  
Requisitos: Os traballos serán inéditos e escritos en castelán, as páxinas irán numeradas e escritas nunha soa cara a dobre espazo en formato DIN A-4.  
Prazo: ata o 30 de abril de 2010.  
Informa: BOE do 3 de novembro de 2009

### Máis información

- <http://www.santacomba.org>
- <http://www.movidasantacomba.com>
- <http://www.x-tremdjs.com>



Os x-Trem djs (Beto Dj e DJ Voinik) pinchando en Santa Comba

## Tamén en Nadal, "Regalemos galego"

O CPI Vicente Otero Valcárcel de Carral deseñou un catálogo de agasallos no que se ofrece un suxestivo percorrido polo mundo do lecer en lingua galega

Conscientes de que en época de crise hai que apertar máis o cinto, o CPI Vicente Otero Valcárcel de Carral, na provincia da Coruña, a través do equipo de normalización e dinamización lingüística do centro, ofrécenos un interesante catálogo de agasallos para este Nadal ao alcance de todos os petos e de todas as "bocas", xa que vén cargadiño de... lingua galega! O ano pasado xa fixeran un primeiro catálogo e, debido ao seu éxito, para este curso 2009-2010 repetiron, renovando e ampliando contidos.

A idea xurdiu, segundo nos comenta Anxo Gómez, profesor do CPI Vicente Otero Valcárcel e coordinador do catálogo, traballando nas clases de lingua galega sobre os usos sociais do galego. "Moitas veces -di Anxo- desde algúns sectores transmítese a imaxe de que o

galego está plenamente normalizado. Cando analizamos as posibilidades de ocio en galego que teñen os mozos e mozas, nenos e nenas, decatámonos da cantidade de espazos dos que está ausente a nosa lingua. Así que, para comprobalo, decidimos ver se era posible elaborar un catálogo de agasallos para o Nadal que ofrecese produtos que, cando menos, tivesen entre as súas opcións o galego".

Os alumnos do CPI Vicente Otero Varcárcel puxéronse mans á obra e para iso fixéronse con catálogos de diferentes superficies comerciais. Pero pronto puideron comprobar que os produtos en galego son case inexistentes. Por iso comezaron a traballar na aula de informática e a enviar correos a diferentes empresas do sector dos xoguetes, da música, dos libros, das tecnoloxías... para ir



facendo o catálogo.

A seguir, presentamos unha boa mostra do resultado dese traballo. Se queres ver o catálogo completo, poderás facelo na páxina web do centro ou na da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

**A xogar!** Os xoguetes son unha parte importante do catálogo, malia que Anxo recoñece que neste sector lles foi "especialmente difícil" atopar produtos, xa que, "por exemplo, non hai bonecas, nin xogos de consolas... nos que apareza o galego". Malia todo, o catálogo ofrece recursos como xogos de mesa, monicreques cos que se acompañan libros en galego ou

ordenadores de xoguete que ofrecen diversas actividades en galego.

O abano de posibilidades amplíase no campo da música e do audiovisual, onde recollen ritmos e filmes para todos os gustos e idades. Así mesmo, o alumnado e o equipo de normalización e dinamización lingüística do CPI Vicente Otero Valcárcel tiveron en conta para deseñar o catálogo deste curso que o vindeiro 2010 é o Ano do Libro e mais da Lectura. Por iso, nas recomendacións hai obras literarias para todas as idades e de diversos xéneros literarios das principais editoriais galegas.

**O galego, a túa segunda pel.** A promoción da lingua galega pode chegar a todos os recunchos, incluso ao do teu armario. Camisetas, chaquetas de deporte, chubasqueiros, calcetíns, babeiros ou mesmo mandís para cociñar son outras das opcións que poderás atopar no catálogo. Para os máis tecnolóxicos tamén se recollen diversos recursos, como os últimos modelos de móbiles, ata DVD, TDT, GPS ou reprodutores MP3 e MP4. Iso si, sempre coa opción de lingua galega.



## O Apalpador

A principal novidade deste ano é o Apalpador, tamén chamado Pandigueiro ou Apalpabarrigas, ao que lle dedican a portada e unha explicación no interior do catálogo. O Pandigueiro é unha personaxe mítica da tradición do Nadal galego rescatada polo etnógrafo José André López González, semellante ao Olentzero vasco ou ao Esteru cántabro. Trátase dunha figura que na Noiteboa ou na última noite do ano baixa das devesas das montañas luguesas para apalparlles con coidado as barrigas aos nenos mentres estes dormen, co fin de ver se están ben mantidos. Tras desexarlles fartura e un próspero ano novo, o Pandigueiro marcha deixándolles no cuarto unha boa morea de castañas quentes.

## OFERTAS DE EMPREGO

### Oferta 12/2009/17869

Posto: cociñeiro/a, en xeral.  
Localidade: Guitiriz (Lugo).  
Requisitos: axudante de cociña, con experiencia de 3 ou 6 meses.

### Oferta 12/2009/19883

Posto: administrativo/a.  
Localidade: Vigo (Pontevedra).  
Requisitos: permiso de conducir. Valórase experiencia e/ou formación.

### Oferta 12/2009/19895

Posto: asistente/a domiciliario/a.  
Localidade: Barro (Pontevedra).  
Requisitos: permiso de conducir, vehículo propio e curso de auxiliar de axuda a domicilio.

### Oferta 12/2009/19897

Posto: asistente/a domiciliario/a.  
Localidade: Cambados.  
Requisitos: vehículo propio e curso de auxiliar de axuda a domicilio.

### Oferta 12/2009/19917

Posto: axente comercial.  
Localidade: A Coruña.  
Requisitos: para a Coruña a xornada completa, en campaña con R.

### SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN

Informa teléfono: 902 125 000  
Internet: [traballo.xunta.es/sqc/galego/ofertas.htm](http://traballo.xunta.es/sqc/galego/ofertas.htm)

### Oferta 12/2009/19923

Posto: camareiro/a, en xeral.  
Localidade: Ordes (A Coruña).  
Requisitos: posuír experiencia.

### Oferta 12/2009/19926

Posto: cociñeiro/a, en xeral.  
Localidade: Ordes (A Coruña).  
Requisitos: posuír experiencia.

### Oferta 12/2009/19970

Posto: albanel.  
Localidade: Vilagarcía de Arousa.  
Requisitos: oficial de 1ª ou 2ª con experiencia en obra pública. Imprescindible curso básico de prevención de riscos. Dispoñibilidade para viaxar por toda España

### Oferta 12/2009/19981

Posto: coidador/a-acompañante de autobús escolar.  
Localidade: Ourense.  
Requisitos: necesítanse 3 coidadores/as- acompañantes de autobús escolar.

### Oferta 12/2009/20100

Posto: protésico dental.  
Localidade: Barbadás (Ourense).  
Requisitos: permiso de conducir.

### Oferta 12/2009/20127

Posto: tubeiro/a industrial de industria pesada.  
Localidade: Vigo (Pontevedra).  
Requisitos: mestre/a tubeiro/a para empresa do naval en Mallorca. Formación FP en máquinas navais. Experiencia dez anos en construción e reparación naval. Moi valorable coñecemento de inglés.

### Oferta 12/2009/20165

Posto: electricista de mantemento e reparación de electrodomésticos.  
Localidade: Ferrol (A Coruña).  
Requisitos: técnico/a de electrodomésticos con experiencia mínima de 12 meses.

### Oferta 12/2009/20183

Posto: decorador/a e/ou deseñador/a de interiores.  
Localidade: Lalín (Pontevedra).  
Requisitos: estudos de deseño ou decoración, permiso de conducir.

### Oferta 12/2009/20185

Posto: condutor/a de camión.  
Localidade: Xinzo de Limia.

### Oferta 12/2009/20186

Posto: condutor de camión.  
Localidade: Maside (Ourense).  
Requisitos: carné E+C1 ou E+C.

### Oferta 12/2009/20233

Posto: electricista de mantemento e reparación de electrodomésticos.  
Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).  
Requisitos: técnico en electrodomésticos con experiencia mínima de 12 meses.

### Oferta 12/2009/20245

Posto: técnico/a en flores e/ou xardinaria.  
Localidade: Frades (A Coruña).

### Oferta 12/2009/20246

Posto: enxeñeiro/a técnico/a agrícola.  
Localidade: Lalín (Pontevedra).  
Requisitos: permiso de conducir.

### Oferta 12/2009/20275

Posto: axente comercial.  
Localidade: Arteixo (A Coruña).  
Requisitos: Para traballar na Coruña, Arteixo e concellos próximos, con permiso de conducir. Preferible experiencia. Contrato mercantil.

### Oferta 12/2009/20335

Posto: técnico/a medio en mantemento e reparación informáticos.  
Localidade: Monforte de Lemos (Lugo).  
Requisitos: técnico/a informático con coñecemento en HW e SW. Vehículo propio e dispoñibilidade de desprazamento.



# MP3, MP4 ¿MP5?

Non é ningunha novidade falar sobre a tecnoloxía mp3. E aínda que se trata dunha tecnoloxía que todos temos asumida, o certo é que o mercado, como moitas outras veces, xoga coa terminoloxía para tentar ofrecernos produtos

que parecen mellorar unha tecnoloxía anterior. Neste caso, tanto o mp3, coma o mp4 ou o mp5 baséanse na mesma tecnoloxía para reproducir audio polo que un mp4 daranos a mesma calidade de audio que un mp3.

Botemos unha ollada histórica ao aparentemente desfasado "mp3". Mp3 é un acrónimo que significa Mpeg-1 Audio Layer 3. Este formato de audio comprimido con perda foi desenvolvido polo grupo MPEG para achegar audio ao formato de vídeo co mesmo nome, os coñecidos Mpeg e MpegII, que é a tecnoloxía usada nas películas DVD. Os reprodutores que eran capaces de ler este formato acabaron adoptando o seu nome, MP3, e socialmente pasou a entenderse MP3 como un tipo de dispositivo que permitía escoitar música nese formato.

¿Onde está o problema pois? O mercado considerou 'lóxico' que despois do MP3 debería vir o MP4, como se dunha saga cinematográfica se tratase (Tiburón, Tiburón II, Tiburón III). Porén, cabe lembrar que MP3 fai referencia a unha tecnoloxía de compresión, non a un dispositivo e, polo tanto, o MP4 era exactamente a mesma tecnoloxía de audio. ¿En que se diferenciaba o reprodutor MP3 do MP4 entón? ¿Era mellor escoitar música nun MP4? Non. O formato de audio era o mesmo.

A única diferenza entre un player e outro era a capacidade de reproducir vídeo,

calidade que desde logo non se entende nun devandito cambio de nomenclatura. Non fartos con iso, agora xurde o MP5. ¿Estamos fronte e ante unha nova tecnoloxía de audio? Pois non. Unha vez máis, non. Non obstante os seus responsables intentan vender esa diferenza argumentando que o MP5 recibe tv dixital. Algo que tampouco se aprecia na nomenclatura pero seguimos escoitando exactamente o mesmo formato de audio que os nosos primeiros mp3.

Para entendernos, é coma se a un coche, a medida que lle incorporamos tecnoloxía fósemos cambiando o seu nome e chamándoo co-

che2, coche3... nunha descrición modificada intencionalmente para argumentar unha subida de prezos, facéndonos pensar que adquirimos unha tecnoloxía mellorada sendo en realidade unha tecnoloxía ampliada á que lle engadimos extras. O caso é que a necesidade fixo o órgano, - parafraseando a Darwin neste ano que se celebra o 150 aniversario da publicación da súa obra *Especies*- e hai relativamente pouco tempo o mp4 pasou a ser algo real a nivel de compresión... pero de vídeo!!! Nun intento de estandarización de formato de vídeo para móbiles e reprodutores de peto e aproveitando o tirón de que ese termo estaba asimilado polo mercado, xurdiu o mp4. Basicamente o mp4 é un acrónimo xurrido en parte pola necesidade de Apple de facilitar os seus clientes a diferenciación entre un mpeg de audio e un mpeg de vídeo, chamados M4V e M4A. Tanto é así, que un M4V é exactamente o mesmo que un MP4. M4V en mundo Apple, e MP4 no resto do universo, en definitiva.

O problema é que os mp4 convertéronse nunha caixa onde se codificaba (e codifica) o vídeo dun xeito totalmente alleo ao estándar, botando man da tecnoloxía MPEG4, máis famosa polos DivX. Diferentes resolucións, diferentes calidades,

diferentes opcións de audio... De xeito que a probabilidade de gravar un MP4 co teu móbile e reproducilo no teu player mp3, chamado mp4 finalmente, é bastante escasa. Así pois, a unha mesma tecnoloxía o mercado foille poñendo nomes diferentes ofrecendo falsamente un produto novo sen nin tan

Socialmente pasou a entenderse MP3 como un tipo de dispositivo que permitía escoitar música nese formato pero o mercado considerou 'lóxico' que despois do MP3 debería vir o MP4, como se dunha saga cinematográfica se tratase

sequera ter establecido un verdadeiro estándar nin na nomenclatura. Compremos o "mp4" para ver un tipo de vídeos ou o "mp5" para ver TVdixital non debemos esquecer que só é mercadotecnia porque a tecnoloxía de compresión de audio que adquirimos segue sendo a MPEG dos nosos primeiros MP3.



## PREMIOS E CONCURSOS

### Deseño de portadas para CD

Convoca: Asociación Xuvenil Amencer.

Contido: 9º Concurso de deseño gráfico de portadas para CD. Requisitos: deseños orixinais e inéditos para a portada do novo CD Boscomusic, 2009, deberá incluír no texto Boscomusic, e presentaranse dúas copias, unha en branco e negro e outra en cor. Técnica libre. Os orixinais enviaranse a Amencer, indicando nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono de contacto e fotocopia do DNI.

Dotación: un único premio dun lote de CD.

Prazo: ata o 19 de marzo de 2010.

Informa: Asociación Xuvenil Amencer. Praza Don Bosco, 1 baixo, 32003 Ourense. Tel./fax: 988 218 123.

amencer@amencer.org  
www.amencer.org

### Certame folk

Convoca: emisora Radio Obradoiro, e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar.

Contido: X Certame Folk Radio Obradoiro.

Requisitos: poderán participar todos os grupos ou solistas de música folk, instrumental ou cantada. Non poderán tomar parte neste certame aqueles grupos/solistas que, a data 1 de novembro de 2009, teñan asinado un contrato discográfico, nin os gañadores das tres edicións anteriores.

Datas: a gala final do certame celebrarase o 22 de xaneiro.

Prazo: ata o 31 de decembro.

Informa: www.radioobradoiro.com/folk

### Xornalismo

Convoca: Concello de Arteixo.

Contido: VIII Certame de Xornalismo Dora Vázquez.

Requisitos: poderán participar todas as mulleres que o desexen cun artigo de opinión inédito, único e orixinal, de temática libre e escrito en galego.

Prazo: antes do 1 de febreiro de 2010 ao seguinte enderezo: Concello de Arteixo. Praza Alcalde R. Dopico, 1. 15142 Arteixo. A Coruña.

Informa: Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 247, do 19 de novembro de 2009.

http://www.arteixoxo.org


O éxito colleitado por esta forma de comercio está a provocar dúbidas sobre o seu futuro

# A encrucillada do comercio xusto



*Café, roupa, artesanía... cada vez é máis frecuente atopar produtos baixo o epígrafe "Comercio xusto" nos andeis de tendas e supermercados. Estes produtos están conseguindo superar as fronteiras das tendas promovidas por ONG e proliferan nas grandes superficies o que sitúa a esta forma de entender o comercio nunha encrucillada de futuro. En España, onde comezaron a comercializarse no ano 2005, as vendas do comercio alternativo en 2008 sumaron algo máis de 5,4 millóns de euros, 40% máis que o ano anterior. A concienciación da poboación é maior e con ela a demanda non só de produtos senón doutro tipo de servizos. Non obstante, un incremento da demanda é case que incompatible coas bases sobre as que se asenta, baseadas na axuda aos pequenos produtores. ¿Cara onde camiña o Comercio xusto?*

Recentemente as principais organizacións de Comercio xusto a escala internacional puxéronse de acordo cunha definición para o comercio alternativo: "O Comercio Xusto é unha asociación de comercio, centrada no diálogo, a transparencia e o respecto, que busca unha maior equidade no comercio internacional". Baseado no desenvolvemento sostible, en garantir mellores condicións comerciais Norte-Sur e asegurar os dereitos dos produtores, o grande éxito deste sistema de comercio radica na implicación das organizacións do Norte que non só fomentan a creación de infraestruturas para os produtores do Sur, senón que participan activamente na comercialización destes produtos mediante a importación, distribución e/ou venda directa ao público, completando este labor cun traballo de concienciación do consumidor final.



E estes traballos comezan a dar os seus froitos, as vendas de produtos solidarios en todo o mundo multiplicáronse por máis de tres de 2004 a 2008, desde os 832 millóns de euros ata os 2.900, segundo as cifras de produtos certificados pola Organización do Selo de Comercio Xusto, afectando a preto de 1,5 millóns de traballadores. En España as cifras son aínda modestas - 17,2 millóns de euros, segundo o anuario de comercio xusto da ONG Setem-, se se comparan con outros países de Europa como Reino Unido (880 millóns), EEUU (757) ou Francia (255), pero o debate está servido. ¿É lícito incrementar a venda para beneficiar a un maior número de produtores ou esa espiral de incremento pode dar ao traste co espírito do Comercio Xusto?, ¿pode o Comercio Xusto morrer de éxito?

Cabe lembrar que a rede comercial foi creada baixo os principios de que os pequenos

produtores puidesen ter cabida e na que os intermediarios (importadores, distribuidores ou tendas) reducisen as súas marxes de beneficio. Pero a entrada nas grandes superficies fai moi difícil cumprilos malia que o sacrificio dos principios ofrece unha interesante contrapartida co incremento dos beneficios obtidos coa venda a grande escala de produtos que o consumidor final compra un pouco máis caros para acalar a conciencia do primeiro mundo. As posicións son moi diversas pero todas elas coinciden en destacar que esta iniciativa non pode perder o seu raizame. O seu futuro, posiblemente, virá marcado pola busca de novas canles solidarias e o establecemento de nichos de mercado onde estes produtos sexan competitivos e valorados.

### Un paso máis: as finanzas solidarias

Co desenvolvemento da banca ética, o movemento do comercio xusto dá un paso

máis e traballa para dar a coñecer outro xeito de aforrar e investir. O obxectivo é dar a coñecer á sociedade a potencialidade do seus cartos para crear unha sociedade máis xusta e solidaria. As finanzas solidarias son unha alternativa á banca convencional xa que ofrecen os mesmos produtos e servizos bancarios cun valor engadido, o de funcionar con total transparencia e apoiar con eses cartos empresas e proxectos sociais, ambientais, culturais e humanitarios. Os seus usuarios saben así en todo momento en que se empregan os seus cartos.

### Máis información

<http://comerciojusto.com/>  
<http://www.mundosolidario.net/>  
<http://www.espaciocomerciojusto.org/>  
<http://www.comerciojusto.org/es/>  
<http://www.setem.org/>  
<http://finanzaseticas.org/>  
<http://www.wfto.com/>

# Creando pontes para o emprego

As actividades do proxecto 'Un espazo novo na axenda de Lisboa' (Espazo xuvenil) están xa en marcha. Trátase dunha aposta que ten como gran meta que os novos queden a vivir e traballar na eurorrexión formada por Galicia e Portugal.

O mantemento do emprego existente e a creación de novos postos no lugar no que un vive dende cativo é unha preocupación que afecta especialmente á poboación moza; e unha resposta a este medo é a actitude de ser valentes e apostar polo espírito emprendedor.

Nesta liña, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en colaboración co Instituto Portugués da Mocidade, aposta polo fomento do espírito emprendedor dos mozos da rexión común ao norte de Portugal e Galicia, a través do proxecto 'Un Espazo Novo na Axenda de Lisboa' (Espazo Xuvenil).

A iniciativa, na que tamén colaboran outras institucións, intenta fortalecer as opcións das mozas e mozos de entre 16 e 30 anos, a través dun programa de actividades de formación na xestión de empresas e ideas empresariais que comezaron a mediados do mes pasado coa representación, en

Verín e máis en Tui, da obra de teatro *O emprendedor*. Pontevedra, Santiago, Ourense, Vigo, Lugo ou A Coruña tamén son sedes do programa.

Dentro do menú, gratuíto, tamén están o obradoiro *Aplicacións prácticas no contexto galego do programa cultura 2007-2013 da UE*; os seminarios *O empresario nace ou faise?*; *Teño unha idea. Por onde empezo?*; e o curso *Da idea á empresa*. No 2010, o fomento do espírito emprendedor contará coa concesión dunhas bolsas e premios para a creación de empresas e prácticas en empresas,

nas que terán

prioridade os alumnos que acudan á etapa previa de formación.

"Nestes tempos de crise económica todos temos que pór o noso empeño para superar esta situación a través de accións que fortalezcan as posibilidades de progreso da nosa mocidade", asegurou o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

Todas as accións son de balde. A iniciativa continuará no 2010



Na presentación salientouse a importancia dos mozos emprendedores

Así, "son necesarias medidas incentivadas, avaliar a capacidade das propostas e capacitar os emprendedores nos coñecementos básicos para pór en marcha unha iniciativa empresarial e evitar, desta maneira, o peche das novas empresas", afirmou Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude e Mobilidade.

## A quen está dirixido este programa?

As actividades están pensadas para todas aquelas mozas e mozos que precisen dunha formación extra ou de ferramentas de cara á participación en programas europeos; tamén ensinan a dar os primeiros pasos para a creación dunha empresa.



Altamar

## Unha mesa redonda e un magosto inauguraron o curso na Residencia Altamar

Que mellor xeito de comezar un curso que cun magosto? Precisamente un magosto e unha mesa redonda serviron como fomento do asociacionismo e espírito emprendedor, celebración do novo ano de libros e como xeito de coñecer a novos compañeiros na residencia xuvenil Altamar de Vigo.

Na parte máis seria da sesión, Ovidio Rodeiro falou da aposta da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado por potenciar a creación de asociacións xuvenís e a subvención das súas actividades. Tamén

participaron a directora da residencia, Teresa Prat, e Cecilia Vázquez, a responsable da Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil de Tui, quen explicou o funcionamento das instalacións aos estudantes e repartiu folletos do programa de Formación na Xestión de Empresas e Ideas Empresariais.

A residencia Altamar, a

**Máis información**

[www.residenciasmocidade.es](http://www.residenciasmocidade.es)

Florentino Cuevillas de Ourense e o centro residencial Lugo en Lugo son tres instalacións que durante os meses lectivos funcionan como residencias xuvenís, para estudantes de ata 30 anos.

Altamar conta actualmente con 94 mozas e mozos; a maioría son universitarios, aínda que tamén hai matriculados en ciclos formativos e bacharelato, entre os que se atopan varios deportistas. Nas residencias tamén hai espazo para quen prefira as ensinanzas artísticas.



# Manterse en garda durante o inverno

Os cursos de formación e sensibilización e as rutas do Noitebús queren axudar a reducir o número de accidentes

Cando remata o bo tempo mudan os hábitos de lecer pero os perigos do alcol ao volante seguen sendo os mesmos, coa perigosa suma dun novo factor: as inclemencias meteorolóxicas. As festas, a familia, os reencontros, as vacacións... nunhas datas nas que resulta moi difícil renunciar aos desprazamentos, sobre todo cando máis preto está o Nadal, non se pode baixar a garda.

Por iso, e moi especialmente durante estas datas, súmanse máis esforzos para a prevención de accidentes de tráfico, especialmente entre a mocidade, onde os accidentes de tráfico constitúen a primeira causa de mortalidade entre os menores de 25 anos. E para acadar este obxectivo contamos con dúas ferramentas fundamentais: a difusión da figura do condutor responsable, a través de obradoiros e formación, e o programa NoiteBús. Pero, sobre todo, debemos contar co noso bo tino.

A prevención, para evitar condutas arriscadas e a responsabilidade ao volante entre os mozos e mozas galegos seguen a ser liñas de traballo activas desde a Xunta de Galicia, que aposta pola sensibilización



da poboación e o emprego de medios alternativos de transporte, como o Noitebús. Neste programa véñense in-

crementando o número de traxectos nocturnos ás zonas de lecer nos últimos meses, acadando xa os 225 perco-

ridos. Ademais, este medio de transporte reforzase de cara aos festivos máis fortes do Nadal.



## Mellores viais, máis seguridade

Ademais da mellora na educación viaria e a concienciación sobre os efectos dos accidentes, a Xunta de Galicia aposta por unha acción transversal que contribúa, de xeito global, a incrementar a seguridade viaria a través de intervencións de mellora das propias estradas en aspectos que van desde o firme ata a sinalización.

Neste sentido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de anunciar que ten lista unha partida de 55 millóns de euros, destinada principalmente á mellora da rede de estradas secundarias de Galicia ao longo de 2010. Esta actuación, que se completará co Plan MOVE no que se establece un investimento de 443 millóns de euros ata o 2015, permitirá a adecuación de travesías e variantes, medidas de protección para motoristas así como a progresiva eliminación dos tramos de concentración de accidentes.

### Toma nota...

#### PRÓXIMAS DATAS

**Vilalba:** 2 e 9 de decembro. De 16 a 21 horas.

**Curtis:** 10, 14 e 15 de decembro. De 16 a 21 horas.

**Pontevedra:** 11 e 18 de decembro. De 16 a 21 horas.

**Noia:** 4, 5 e 7 de xaneiro. De 10 a 15 horas.

### Máis información

● Casas da Xuventude destas localidades ou [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## Evitar factores de risco, chave da conducción responsable

Os factores de risco, as consecuencias dos accidentes de tráfico para a sociedade e para as vítimas ou a conducción preventiva son algúns dos aspectos que se abordan nos cursos de formación de formadores en mediación xuvenil para unha conducción responsable. Promovidos pola Dirección Xeral de Xuventude, estas xornadas desenvólvense nas casas de xuventude

de distintas localidades galegas durante o mes de decembro. O obxectivo final é capacitar os participantes para impartir charlas e obradoiros de sensibilización á mocidade para unha conducción máis segura na que se eviten situacións de perigo como as derivadas da combinación de volante e alcol, drogas, fatiga ou a simple falla de tempo para facer todo o que queremos.



# Non todo van ser panxoliñas

Tremes ante a perspectiva do fío musical nos grandes almacéns? Necesitas algo de decibelios e música ao vivo? Velaquí está a nosa axenda de concertos para o último mes dun 2009 que se vai, deixando na lembranza moitos momentos inesquecibles. De fóra vén xentiña tranquiliña como os metaleiros W.A.S.P. ou o tótem do hardcore Jello Biafra; e a nivel de festivais péchase o outono do Sinsal en Vigo co weird folk de The Dodos. Por outra banda, xa sabes, se queres informar dos teus concertos, escribe a [infoxove@noscomunicacion.com](mailto:infoxove@noscomunicacion.com)

## A CORUÑA

- 4 de decembro  
MICAH P. HINSON  
Teatro Colón
- 4 de decembro  
MARYLAND+MUY FELLINI  
Mardi Gras
- 5 de decembro  
MOUSSA & THE LATIN RAGGAE BAND  
Garufa
- 5 de decembro  
ALIS  
Mardi Gras
- 11 de decembro  
ELDORADO+EL GRAN BONOBO  
Mardi Gras
- 11 de decembro  
ELASTIC BAND+LA+ÁLEX FERREIRA  
Playa Club
- 11 de decembro  
LOS SANTOS+METRALLETAS LECHERAS  
Le Club
- 12 de decembro  
77  
Mardi Gras
- 12 de decembro  
CYCLE  
Playa Club
- 17 de decembro  
BLACKBERRY SMOKE  
Mardi Gras
- 18 de decembro  
DINERO+SHINE  
Mardi Gras
- 18 de decembro  
RUSSIAN RED  
Teatro Colón
- 19 de decembro  
LOVE OF LESBIAN  
Playa Club
- 19 de decembro  
SUPERSUBMARINA  
Mardi Gras
- 26 de decembro  
TONI LOMBA&ELIO DOS SANTOS  
Mardi Gras
- 26 de decembro  
MILLADOIRO  
Teatro Rosalía de Castro
- 16 de xaneiro  
THE BOTTLE ROCKS  
Mardi Gras



The Dodos actúan no Sinsal, en Vigo

## BUEU

- 4 de decembro  
BASTARD ON PARADE+LOS DEL GAS...  
Sala Zona
- 6 de decembro  
MARYLAND + MUY FELLINI  
Aturuxo
- 11 de decembro  
WE ARE STANDARD  
Aturuxo

## CAMBADOS

- 6 de decembro  
ALIS  
Discoteca Zaos

## SADA

- 4 de decembro  
SONIC CRUSH  
Moby Dick

## SALVATERRA

- 7 de decembro  
EL CUBO  
Vagalume

## TEO

- 19 de decembro  
VIVO+DESEKILIBRIO MENTAL+MEDOMEDA+INDANA  
Local Sociocultural de Reis

## VERÍN

- 5 de decembro  
SAMUEL LEVI  
La Casa de los Sueños

## NIGRÁN

- 5 de decembro  
POËM  
Clandestino

## CANGAS DO MORRAZO

- 8 de novembro  
CÈ ORQUESTRA PANTASMA+SKAKEO C.S. DO A TIRADOURA

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 9 de decembro  
NACHO PÉREZ  
Arteria Noroeste
- 10 de decembro  
ELASTIC BAND+LA+ÁLEX FERREIRA  
Sala Capitol
- 10 de decembro  
WOODS  
Salón Teatro
- 10 de decembro  
ELASTIC+LA+ÁLEX FERREIRA  
Sala Capitol
- 11 de decembro  
W.A.S.P.  
Sala Capitol
- 12 de decembro  
ORQUESTA ÁRABE DE BARCELONA  
Auditorio de Galicia
- 12 de decembro  
JELLO BIAFRA  
Sala Capitol
- 19 de decembro  
APHONIC+LOR  
Sala Capitol
- 20 de decembro  
LIVING COLOUR  
Sala Capitol

## PONTECESURES

- 19 de decembro  
TELEPHONE ROUGES  
Taboga

## PONTEVEDRA

- 3 de decembro  
MUNICH+ANENOME  
Sala Karma
- 5 de decembro  
GARRET WALL BAND  
Sala Karma
- 12 de decembro  
PULSA DENURA+MR. MAGOO  
Sala Karma
- 18 de decembro  
LOVE OF LESBIAN  
Sala Karma
- 19 de decembro  
MARVEL  
Sala Karma
- 26 de decembro  
NOISERS+SINESTESIA+JOHNS ON DIVERSEY  
Sala Karma

## LUGO

- 12 de decembro  
TELEPHONE ROUGES+THE Clavicémbalo

## VIGO

- 5 de decembro  
LUGOBAMA  
Contrabajo
- 5 de decembro  
MARYLAND+MUY FELLINI  
La Fábrica de Chocolate
- 5 de decembro  
PRAP'S+PSYQUENCE+LETHAL VICE  
Havana 20
- 5 de decembro  
EL DESVÁN DEL DUENDE  
Mondo
- 6 de decembro  
METAL FEST  
Mondo
- 6 de decembro  
ALONDRA BENTLEY  
La Casa de Arriba
- 6 de decembro  
LEK MUN+ALADO SINCERA  
La Fábrica de Chocolate
- 10 de decembro  
WE ARE STANDARD  
La Fábrica de Chocolate
- 10 de decembro  
YOSHVANY PALMA  
Café Uff
- 11 de decembro  
CYCLE  
Mondo
- 11 de decembro  
DJANGO BROTHERS  
Contrabajo
- 11 de decembro  
77  
La Fábrica de Chocolate
- 11 de decembro  
SANTOS MORCEGOS  
La Iguana
- 12 de decembro  
VINDALO ROCKETS  
La Iguana
- 12 de decembro  
ELASTIC BAND+LA+ÁLEX FERREIRA  
Mondo
- 12 de decembro  
BUKOWSKI TRIO?  
Contrabajo
- 12 de decembro  
BLUEDAYS  
La Pecera
- 12 de decembro  
EL DORADO+EL GRAN BONOBO  
La Fábrica de Chocolate
- 12 de decembro  
THE URGES  
Mogambo
- 17 de decembro  
THE DODOS  
Auditorio do MARCO
- 18 de decembro  
SUPERSUBMARINA  
La Iguana
- 18 de decembro  
APHONIC+LOR  
Mondo
- 18 de decembro  
KIKO AGUADO E CELIA MUR  
Contrabajo

**VIGO**

18 de decembro  
CARLOS NÚÑEZ  
Centro Cultural Caixanova

19 de decembro  
DINERO  
La Fábrica de Chocolate

19 de decembro  
ROMASANTA  
Contrabajo

19 de decembro  
NACH+ZPU+ABRAM  
Mondo

19 de decembro  
PROUD+AGAINST THE SPIRITS  
La Iguana

20 de decembro  
RESERVA IDEA ROCK  
Mondo

26 de decembro  
SAMUEL LEVI+CAABA+BLUE JEANS  
Mondo

2 de xaneiro  
MUNICH+SALLY SAID  
SO+ANESOME  
Mondo

9 de xaneiro  
MARCHA POLA PAZ FESTIVAL  
Mondo  
20 de novembro  
CON MORA  
La Iguana Club  
ARKANOS  
Mogambo

28 de novembro  
GOSE  
La Iguana Club

28 de novembro  
POËM  
Contrabajo

30 de novembro  
CIRCLE  
MARCO

5 de decembro  
MARYLAND + MUY FELLINI  
Fábrica de Chocolate Club

5 de decembro  
EL DESVÁN DEL DUENDE  
Mondo



We Are Standard

**MELIDE**

4 de decembro  
ÁLVARO MURAS  
A Fundación Enxebre

6 de decembro  
MOUSSA & THE LATIN RAGGAE BAND  
Sala 600

11 de decembro  
BROTHERS IN BAND  
Sala 600

18 de decembro  
SKARALLAOS+TRAPOS SUCIOS  
Sala 600

18 de decembro  
TUMBLING DICE  
Gatos

18 de decembro  
WODEN  
A Fundación Enxebre

**PONTECALDELAS**

5 de decembro  
BRUNTO T. FORD  
Leblón

19 de decembro  
HÉCTOR LORENZO  
Leblón

**NIGRÁN**

5 de decembro  
POEM  
Clandestino



Love of Lesbian están de xira por Galicia. Foto: Lyona

**ORTIGUEIRA**

4 de decembro  
SWEET OBLIVION BAND  
Bar de Fredi

5 de decembro  
TRAPOS SUCIOS  
Bar de Fredi

**O BARCO**

4 de decembro  
MOONDOGS BLUES PARTY  
Sala Baranda

**MELIDE**

5 de decembro  
TARÁNTULA+CARRERO BIANCO  
Manchita Cosa

11 de decembro  
ARIZONA BABY  
Manchita Cosa

11 de decembro  
BLACK ROSE  
Balance

**CANGAS**

12 de decembro  
ARIZONA BABY  
Sister Ray

**CARRAL**

12 de decembro  
MISQUIOUS  
The Star

17 de decembro  
SKARALLAOS  
The Star

**MONFORTE DE LEMOS**

19 de decembro  
ÁLVARO MURAS  
El Otro Caimán

**VILALBA**

12 de decembro  
Jin Tony's Son  
Xanela



Russian Red toca na Coruña. Foto: encursiva

**TUI**

11 de decembro  
LEYENDAS  
Chiringo Choróns (Caldelas)

**CALDAS DE REIS**

4 de decembro  
THE 38BEATS  
ZonaZero

**A LARACHA**

4 de decembro  
TRAPOS SUCIOS  
Pub D'Anton

**CARBALLO**

2 de xaneiro  
IN VIVO+MACHINA  
A Reserva Rock

**O GROVE**

26 de decembro  
INDÓMITOS+TELEPHONE ROUGES  
Galician Bizarre Bar

2 de xaneiro  
CUDEVASO+METRALLETAS LECHERAS  
Galician Bizarre Bar

**OURENSE**


5 de decembro  
ALONDRA BENTLEY  
Café Pop Torgal

5 de decembro  
SKARALLAOS+MOUSSA AND THE REGGAE LATIN BAND  
Café Cultural Auriense

19 de decembro  
MILLADOIRO  
Pazo de Congresos Municipal

**Máis información**

- [www.desconcierto.com](http://www.desconcierto.com)
- [www.laganzua.net](http://www.laganzua.net)
- [www.nvivo.es](http://www.nvivo.es)



# carnéxove



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



XACOBEO 2010  
Galicia

**CAIXAGALICIA**